CPI de ATIOS
Valdoviño

**Programación didáctica**
Lingua Galega e Literatura

Curso ***2022/23***

| Xefa de departamento: | Materias |
|---|---|
| *MARÍA LUÍSA PITA RUBIDO* | ***Lingua Galega e Literatura***<br>*1ºESO-3ºESO*<br>***Reforzo (Exención de Francés)***<br>*1º ESO* |
| Outros membros do departamento: | Materias |
| *MÓNICA ARES AMEIXIDE* | ***Lingua Galega e Literatura***<br>*2º ESO-4º ESO (titoría)* |

ÍNDICE


1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN (páx. 3).
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLE A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS (páx. 5).
3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO (páx. 22).
4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE (páx. 29):

   a) Temporalización (páx. 30).

   b) Grao mínimo de consecución (páx. 55).

   c) Procedementos e instrumentos de avaliación (páx. 61).
5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA (páx. 62).
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR (páx. 64).
7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO (páx. 65).
8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE (páx. 67).
9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES (páx. 64).
10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS (páx. 70).
11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (páx. 70).
12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS (páx. 72).
13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES (páx. 74).
14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA (páx. 75).
15. ACCIÓNS DE ACORDO CO PROXECTO LECTOR. PROPOSTA DE LIBROS DE LECTURA (páx. 76).
16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA (páx. 77).
17. ACCIÓNS DO PLAN DE INTEGRACIÓN DAS TIC (páx. 77).
18. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS (páx. 78).
19. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO (páx. 78).

## 1. INTRODUCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

A presente programación didáctica parte dunha situación social e sanitaria moi concreta que comezou hai xa tres cursos coa alarma mundial provocada pola crise do Coronavirus. Ao longo deste tempo, a pandemia foi sufrindo unha evolución que repercutiu na maneira de planificar, organizar e desenvolver o ensino. Na actualidade, partimos dunha situación máis ou menos controlada e de "nova normalidade" que xa non se atopa rexida polos estritos protocolos de actuación dos pasados cursos. No entanto, debemos ter en conta, á hora de realizar a nosa programación, que en calquera momento pode darse unha de regresión que obrigue temporalmente a mudar certos aspectos da organización escolar, como o uso dos espazos, das máscaras ou a planificación das actividades complementarias e extraescolares.

Outro aspecto a ter en conta nesta programación é o feito de que nos atopamos nun momento de mudanza lexislativa, no cal o novo Real Decreto 217/2022, do 29 de marzo, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación secundaria rexirá xa a planificación dos cursos impares da ESO, 1º e 3º, mentres que a anterior lexislación permanecerá vixente para 2º e 4º de ESO. As novas programacións deberán seguir unha estrutura fixada a través dun programa informático concreto, PROENS, mentres que as relativas aos cursos pares seguirán a facerse como ata o momento. Isto implica que o presente documento atende especialmente aos cursos de 2º e de 4º de ESO, aínda que nalgúns aspectos nos refiramos a cuestións xerais que afectarán a todos os niveis por igual.

Como se indica no currículo da materia establecido no anterior marco lexislativo que, como diximos, segue vixente para a presente programación (Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), que se concreta no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia), "o papel heurístico das linguas constitúe un reto para o sistema educativo, pois son instrumento de comunicación e de interacción social, de conservación e transmisión de coñecemento, de participación cidadá na vida social, de investigación, creación, experimentación e descuberta. As linguas achégannos ao xeito de vida e ás formas de pensamento doutros pobos e dos seus patrimonios culturais.

A lingua apréndese non só para falar, ler ou escribir sobre a lingua, senón tamén para falar, ler e escribir sobre emocións, afectos e aventuras, sobre o mundo, como medio das relacións interpersoais e recoñecemento da alteridade, motor do noso pensamento e das nosas reflexións, e porta de acceso ao coñecemento. Neste marco, a formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social, nomeadamente en contextos formais e educativos, ademais de sensibilizar cara a usos creativos e lúdicos das linguas, e achegar ao patrimonio literario e cultural que estas propician.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas (...)

Por outra banda, o tratamento integrado das linguas debe considerar o punto de partida diferente de cada unha delas. Xa que logo, non se pode esquecer a situación de minorización da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. Con esa finalidade, é preciso favorecer o uso e a aprendizaxe desta lingua de xeito que se impulse a súa normalización e se venzan as dificultades da súa menor presenza e repercusión social, motivadas en moitos casos por prexuízos que é necesario desmontar e superar. O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo

repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade (...)

Finalmente, a situación de sociedade multilingüe e plural na que vivimos solicita un enfoque metodolóxico de carácter plurilingüe que potencie o desenvolvemento comunicativo do alumnado nas linguas que adquira ao longo da súa vida, con independencia da diferenza de fins e niveis de dominio con que as utilice. E que os faga conscientes da riqueza que supón ser unha persoa plurilingüe para o desenvolvemento cognitivo e social, e o éxito escolar. Isto implica un tratamento integrado das linguas que o alumnado está a aprender nas aulas".

En definitiva, as materias lingüísticas , como é o caso da que nos ocupa nesta programación, perseguen o obxectivo último de contribuír á formación de cidadáns e cidadás cunha competencia comunicativa que lles permita interactuar satisfactoriamente en todos os ámbitos que forman e van formar parte da súa vida. Como tamén se indica no currículo, isto esixe unha reflexión sobre os mecanismos de usos orais e escritos da súa propia lingua, e das outras linguas que estudan e coñecen, e a capacidade de interpretar e valorar o mundo, de formar as súas opinións, propias, claras e fundamentadas, e de gozar, a través da lectura crítica de obras literarias.

En canto á **contextualización**, a presente programación adáptase a un contexto moi concreto como é o do concello de Valdoviño, de carácter maioritariamente rural, pero moi próximo a núcleos urbanos importantes como son Ferrol ou Narón, cunha grande influencia en toda a comarca de Ferrolterra. Para o caso da materia da que é obxecto esta programación, a situación xeográfica na que se encontra o centro, inflúe á hora de establecer unha lingua de uso habitual no alumnado, como veremos máis abaixo. O CPI Atios, máis concretamente, está situado no lugar que leva o seu nome, na avenida de San Sadurniño, nº 19, de Valdoviño e acolle a uns 500 alumnos e alumnas tanto de Educación Infantil, como de Primaria e de Secundaria.

O concello de Valdoviño, próximo á cidade de Ferrol, como dixemos máis arriba, posúe un núcleo urbano no que a mocidade está abandonando progresivamente o uso da lingua galega, tanto na función de identidade, como na función familiar ou laboral. A liña de transmisión da lingua de pais a fillos rompeu, os rapaces e rapazas arrastran, en moitos casos uns fortes prexuízos contra o noso idioma e aínda aqueles poucos que no ámbito familiar si o usan, abandónano ou incluso renegan del nas súas relacións cos compañeiros/as e cos profesores/as.

Se a isto engadimos que contamos cun non moi grande pero si continuo ingreso de novo alumnado que procede doutras Comunidades Autónomas e doutros países (que se incorporan ás veces co curso académico xa comezado) faise necesario conseguir unha inmersión lingüística o máis rápida posible deste alumnado foráneo e, ao mesmo tempo, eliminar os prexuízos que impiden a moitos/as alumnos/as usar a nosa lingua, incluso cando posúen un nivel de competencia escrita moi alto. Propoñémonos achegalos a uns e a outros á nosa realidade social e cultural, tratando de que a valoren e a aprecien, para que se sintan orgullosos dela e desterren calquera tipo de prexuízo ao respecto.

No Decreto 86/2015, do 25 de xuño, afírmase, en relación co currículo de Lingua Galega e Literatura: "o profesorado implicado no proceso de ensino e aprendizaxe de Lingua Castelá e Literatura e de Lingua Galega e Literatura, en cada curso de ambas as etapas, deberá organizar o seu labor nun currículo integrado, que transcenda as linguas nas que un aprendiz sexa capaz de comunicarse. Isto supón recoñecer a existencia dunha competencia global para a comunicación lingüística e implica non só evitar a repetición de contidos nos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua, como son as estratexias de lectura ou o proceso de escritura, a tipoloxía textual ou a definición de termos lingüísticos, senón tamén, e especialmente, priorizar a realización de actividades comunicativas de produción e comprensión de textos orais e escritos". Neste sentido, o Departamento de Lingua Galega e Literatura comprométese a manter un diálogo constante cos departamentos doutras linguas, especialmente co de Lingua Castelá, para establecer

criterios comúns en canto a terminoloxía lingüística e distribuír contidos coa finalidade de evitar repeticións innecesarias de materia. Trátase de traballar os mesmos aspectos pero sen producir dualidades ou reiteracións pouco produtivas para a aprendizaxe das competencias mínimas que se esixirán nas materias lingüísticas.

Para finalizar coa contextualización do centro, sinalaremos que, no caso da Educación Secundaria (ESO), á que nos referimos nesta programación, o centro conta cos seguintes grupos: 2 grupos no nivel de 1º ESO (37 alumnos/as: 19-18), 3 grupos no nivel de 2º ESO (60 alumnos/as: 22-20-18), 3 grupos de 3º ESO _un deles de PDC_ (42 alumnos/as: 20-17-5) e 2 grupos de 4º ESO (50 alumnos/as: 27-23).

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLE A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

### 1. Competencia en comunicación lingüística (CCL)

Esta competencia refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta. Como xa dixemos, o estudo da lingua ten unha importancia decisiva na aprendizaxe de todas as materias do currículo, polo que todas elas deben incidir nesta competencia clave. Na materia que nos ocupa nesta programación, Lingua Galega e Literatura, o peso recae esencialmente nesta competencia, polo que nela se concentran a maior parte dos estándares avaliables, como veremos máis adiante.

Para o adecuado desenvolvemento desta competencia é preciso abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para iso, débese atender as cinco compoñentes que a constitúen e as dimensións en que se concretan:

– A compoñente lingüística abrangue diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, entendida esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua.
– A compoñente pragmático-discursiva contempla tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción); e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).
– A compoñente sociocultural inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.
– A compoñente estratéxica permítelle ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; ademais, tamén forman parte desta compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.
– Por último, a competencia en comunicación lingüística inclúe unha compoñente persoal que intervén na interacción comunicativa en tres dimensións: a actitude, a motivación e os trazos de personalidade.

Adéstrase de maneira explícita no propio ámbito curricular; por tanto, poderiamos incluír calquera dos descritores desta competencia. Porén, resaltaremos aquí os que favorecen a súa transversalidade:

- Comprender o sentido dos textos escritos e orais.
- Manter unha actitude favorable cara á lectura.
- Expresarse oralmente con corrección, adecuación e coherencia.
- Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...
- Manexar elementos de comunicación non verbal, ou en diferentes rexistros nas diversas situacións comunicativas.

Os estándares de aprendizaxe avaliables da materia a respecto desta competencia son os seguintes:

- Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade).
- Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.
- Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.
- Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).
- Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e significado da linguaxe non verbal.
- Identifica a intención comunicativa, as ideas principais e secundarias de programas informativos.
- Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.
- Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas.
- Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.
- Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
- Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).
- Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada).
- Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.
- Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción.
- Cínguese ao tema, non divaga e atende as instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.
- Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.
- Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.
- Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.
- Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.
- Participa en conversas informais nas que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.
- Utiliza técnicas de análise e de síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.
- Recoñece a intencionalidade do emisor a partir de elementos contextuais explícitos.
- Reconstrúe o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas.
- Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.
- Interpreta o significado de elementos non lingüísticos (símbolos, iconas, etc.)
- Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet.
- Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.

•Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.
•Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.
•Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.
•Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe guiadas, con progresiva autonomía.
•Usa de forma guiada bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.
•Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios.
•Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais e sexistas.
•Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados e con respecto pola puntuación do texto.
•Le en voz alta seguindo os patróns fonéticos do galego.
•Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.
•Utiliza esquemas sinxelos e notas para ordenar as ideas e estruturar o contido do texto.
•Adecúa o texto ao rexistro coloquial ou formal segundo requira a situación comunicativa.
•Utiliza elementos lingüísticos e discursivos esenciais para a cohesión das ideas: conectores textuais básicos, e concordancias dentro do sintagma nominal e dentro do sintagma verbal.
•Puntúa o texto en relación coa organización oracional e a forma do texto (os parágrafos e a distribución e organización das ideas expresadas).
•Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
•Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
•Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.
•Coñece a estrutura do xornal (seccións e xéneros) e os elementos paratextuais que acompañan as noticias.
•Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.
•Produce textos de distintos xéneros: descricións, narracións de feitos e exposicións de ideas e conceptos.
•Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación.
•Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar ortografía.
•Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas.
•Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.
•Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación.
•Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.
•Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e á normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.
•Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega.
•Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos.
•Analiza e usa correctamente a puntuación de acordo coa cohesión textual.
•Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.
•Recoñece e explica nos textos as referencias deícticas persoais.
•Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.
•Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia.
•Identifica as funcións sintácticas no seo da oración.
•Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.
•Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación.

•Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
•Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.
•Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso na literatura de tradición oral e no xénero humorístico.
•Coñece as linguas que se falan en Galicia.
•Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona.
•Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) en lingua galega adaptados á súa idade.
•Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contexto familiar e a do resto do alumnado.
•Coñece e valora os antropónimos galegos.
•Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua.
•Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais.
•Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.
•Aprecia as variantes diatópicas como símbolo de riqueza lingüística e cultural.
•Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e aprecia os trazos propios da súa zona.
•Coñece as principais variantes diatópicas do galego e clasifica producións lingüísticas segundo o bloque dialectal ao que pertencen.
•Le, con regularidade e de maneira guiada, obras literarias para desenvolver o criterio lector; expón unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade, relaciona o seu sentido coa propia experiencia e outros coñecementos adquiridos, e asimila os trazos estéticos xerais que definen cada texto.
•Compara textos literarios e non literarios e describe as súas diferenzas e similitudes.
•Le expresiva e comprensivamente, fai audicións de poemas recitados ou cantados, sinala a temática ou temáticas abordadas e describe os valores estilísticos dos textos.
•Le expresiva e comprensivamente textos narrativos breves e recoñece a funcionalidade dos elementos formais básicos.
•Le dramatizada e comprensivamente, visiona pezas teatrais e aprecia os seus compoñentes e procedementos máis relevantes.
•Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.
•Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística.
•Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definitorios.
•Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da canción como linguaxe artística.
•Identifica e describe, nunha canción dada, os seus principais trazos definitorios.
•Familiarízase, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura da información básica e a resolución de dúbidas de traballo.
•Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa e a estrutura de textos orais propios dos medios de comunicación audiovisual (entrevistas, noticias, crónicas e reportaxes).
•Interpreta textos orais e traslada a información relevante a esquemas ou resumos.
•Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.
•Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.
•Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións.

- Identifica as ideas principais e secundarias dun texto oral expositivo ou argumentativo, formal ou informal, producido na variante estándar ou en calquera das variedades dialectais.
- Recoñece a intención comunicativa dos textos.
- Diferencia as explicacións dos argumentos.
- Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas dentro do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.
- Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra.
- Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).
- Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.
- Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea a partir da práctica habitual de autoavaliación e propón solucións para mellorala.
- Usa a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.
- Participa activamente en debates ou coloquios, respecta as regras de interacción, intervención e cortesía, manifesta as súas opinións e respecta as dos demais.
- Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións do moderador nos debates e coloquios.
- Respecta as quendas de palabra, o espazo, xesticula de xeito adecuado, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida.
- Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas ou formais respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo).
- Emprega nas intervencións orais expresións propias do galego: infinitivo conxugado e fraseoloxía adecuada.
- Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.
- Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado.
- Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.
- Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.
- Participa en conversas informais nas que intercambia información e expresa a súa opinión.
- Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.
- Realiza e explica resumos ou exposicións educativas sinxelas.
- Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.
- Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas e resumos.
- Usa técnicas de ampliación e organización da información: táboas, cadros, gráficos e mapas conceptuais.
- Busca e asimila o significado da palabras do rexistro formal e incorpóraas progresivamente ao seu vocabulario.
- Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.
- Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.
- Identifica os trazos característicos dun escrito (tipografía, distribución de espazos e escollas léxicas) coa tipoloxía textual (convocatorias, actas de reunión e regulamentos).
- Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes.
- Distingue entre os contidos informativos e as opinións que se expresan nos textos xornalísticos.
- Comprende e interpreta textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida nas bibliotecas.
- Consulta fontes xerais (enciclopedias) e especializadas (monográficos e webs temáticas) para ampliar a información e mellorar o coñecemento da mensaxe.
- Interpreta, deduce e explica a información que aparece en diagramas, gráficas e mapas conceptuais.

•Interpreta o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas de textos expositivos e explicativos.
•Identifica a estrutura comunicativa das mensaxes escritas e a intención do emisor.
•Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información.
•Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.
•Recoñece e evita usos lingüísticos que transmiten prexuízos ou mensaxes discriminatorias.
•Le en voz alta, de xeito fluído e respecta a fidelidade ao texto.
•Respecta os patróns fonéticos do galego (fonética sintáctica e entoación) e emprega a dicción e o ritmo axeitado á lectura do texto.
•Produce, en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá ou das relacións sociais, segundo os modelos propostos na aula: convocatorias, actas de reunións e intervencións en foros.
•Produce, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos, fundamentalmente, entrevistas, crónicas, reportaxes.
•Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.
•Usa correctamente elementos formais nos traballos educativos: citas bibliográficas, índices, paxinación, notas ao pé de páxina, organización de títulos, capítulos, etc.
•Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados.
•Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seus escritos.
•Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito.
•Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso.
•Usa elementos lingüísticos e discursivos para alcanzar a coherencia e cohesión interna (conectores e tratamento de formas verbais).
•Revisa os textos de xeito gradual para resolver dificultades de contido (temática e estrutura) e de forma (cuestións tipográficas, ortográficas e gramaticais).
•Usa as TIC (procesadores de textos e conectores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.
•Coñece e utiliza as ferramentas TIC para intercambiar opinións sobre escritos alleos e escribir e dar a coñecer os propios en blogs, redes sociais de lectores e escritores.
•Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua.
•Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais.
•Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoas coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.
•Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.
•Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación.
•Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega.
•Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes, resolven as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe.
•Emprega textos orais e escritos e respecta as normas gramaticais.
•Revisa os textos para puntuar correctamente.
•Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferencia os elementos que as desempeñan.
•Identifica, explica e usa distintos conectores, así como outros mecanismos que lle achegan cohesión a un texto.
•Determina o tema, delimita a estrutura e identifica a progresión temática en producións propias e alleas. Elabora textos nos que ten en conta os parámetros anteriores.

•Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
•Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.
•Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura.
•Distingue entre bilingüismo e diglosia e aplica estes termos de forma axeitada á realidade galega.
•Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e amósase capaz de explicar a súa postura.
•Coñece as linguas que forman parte da nosa familia lingüística.
•Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social e económica galega.
•Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en lingua portuguesa (buscadores e enciclopedias).
•Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia.
•Analiza as gráficas sobre o uso do galego segundo a idade das persoas.
•Identifica os castelanismos nas producións lingüísticas e depura estes elementos no seu propio discurso.
•Coñece as principais iniciativas normalizadoras da lingua galega.
•Comprende o concepto normalización e explica o proceso normalizador do galego.
•Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.
•Recoñece os principais elementos na orixe e formación da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
•Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
•Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
•Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
•Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
•Coñece a lexislación estatal e autonómica e regula que regula a utilización do galego e a súa promoción.
•Coñece o que é un prexuízo, detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter sociocultural e sociopolítico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.
•Identifica e clasifica as variantes diastráticas do galego.
•Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.
•Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.
•Identifica as distintas épocas e períodos da literatura galega desde as súas orixes na Idade Media ata 1916.
•Comprende e explica razoadamente as distintas épocas e períodos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e sinala os seus principais trazos característicos.
•Selecciona, seguindo os criterios razoados, textos representativos desde a Idade Media ata 1916 para a súa lectura.
•Le autonomamente obras ou textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.
•Comenta, de forma guiada, textos de obras da Literatura galega desde a Idade Media ata 1916, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente.
•Compara textos literarios dunha mesma época ou período ou de diferentes épocas e períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico da(s) época(s) ou do(s) período(s).

•Le expresiva, comprensiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
•Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916 e escribe/debate, argumentadamente, sobre aspectos literarios básicos destes.
•Elabora traballos individual e/ou colectivamente, nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega desde a Idade Media ata 1916.
•Consulta fontes de información básicas para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destas.
•Emprego de diferentes recursos básicos das TIC para a realización de traballos sinxelos e cita axeitada destes.
•Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballos na aula.
•Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.

**2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)**

A competencia matemática implica a aplicación do razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

Esta competencia require coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, as operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos termos e conceptos matemática. O uso de ferramentas matemáticas implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos.

Trátase da importancia das matemáticas no mundo e de utilizar os conceptos, procedementos e ferramentas para aplicalos na resolución dos problemas que poidan xurdir nunha situación determinada ao longo da vida. A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.

As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable con el para a conservación e mellora do medio natural, a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico e capacitan a cidadáns e cidadás responsables e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais. Estas competencias han de capacitar para identificar, expor e resolver situacións da vida cotiá, igual que se actúa fronte aos retos e problemas propios das actividades científicas e tecnolóxicas.

No caso da materia de Lingua Galega e Literatura, podemos afirmar que as análises das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un adestramento do razoamento lóxico, a súa sistematización, a aplicación dun método. Ademais, a variedade tipolóxica e temática dos textos pon en contacto a área coa relación do ser humano coa realidade, o mundo científico e o contorno ambiental. Destacamos os seguintes descritores:

- Tomar conciencia dos cambios producidos polo ser humano no contorno natural e as repercusións para a vida futura.
- Aplicar métodos científicos rigorosos para mellorar a comprensión da realidade circundante.
- Aplicar estratexias de resolución de problemas a situacións da vida cotiá.

Os estándares de aprendizaxe avaliables da materia a respecto desta competencia serían os seguintes:

•Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.
•Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información.
•Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.

•Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.
•Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seus escritos.
•Usa as TIC (procesadores de textos e conectores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.
•Coñece e utiliza as ferramentas TIC para intercambiar opinións sobre escritos alleos e escribir e dar a coñecer os propios en blogs, redes sociais de lectores e escritores.

### 3. Competencia dixital (CD)

Esta competencia consiste en dispor de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, e para transformala en coñecemento. Incorpora diferentes habilidades, que van desde o acceso á información até a súa transmisión en distintos soportes unha vez tratada, incluíndo a utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Implica ser unha persoa autónoma, eficaz, responsable, crítica e reflexiva ao seleccionar, tratar e utilizar a información e as súas fontes, así como as distintas ferramentas tecnolóxicas; tamén, ter unha actitude crítica e reflexiva na valoración da información dispoñible, contrastándoa cando é necesario, e respectar as normas de conduta socialmente acordadas para regular o uso da información e as súas fontes nos distintos soportes.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar a información, a análise e a interpretación desta, a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto teóricos coma técnicos. Trátase dunha competencia moi relevante no contexto actual. O uso das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación cuxo ámbito haberá que adestrar de maneira sistemática. A produción de procesos comunicativos eficaces nos que se empregan os contidos propios da materia é un piar esencial para o desenvolvemento da competencia dixital nos alumnos e alumnas. Por todo iso, traballaremos os seguintes descritores:

-Empregar distintas fontes para a busca de información.
-Seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.
-Elaborar información propia derivada da información obtida a través de medios tecnolóxicos.
-Comprender as mensaxes que veñen dos medios de comunicación.
-Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.
-Manexar ferramentas dixitais para a construción de coñecemento.
-Aplicar criterios éticos no uso das tecnoloxías.

Os estándares de aprendizaxe avaliables da materia a respecto desta competencia serían os seguintes:

•Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.
•Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.
•Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet.
•Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.
•Usa de forma guiada bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.
•Utiliza recursos das TIC para rexistrar a voz.
•Revisa o texto con respecto ás normas morfolóxicas, ortográficas e tipográficas.
•Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.

- Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.
- Produce, en formato papel ou dixital, textos descritivos, narrativos e expositivos propios da vida educativa, especialmente, resumos, exposicións sinxelas e conclusións sobre tarefas e aprendizaxes realizadas.
- Utiliza, con progresiva autonomía, as funcións básicas dun procesador de textos para organizar os contidos e mellorar a presentación.
- Emprega os correctores ortográficos para resolver dúbidas e revisar ortografía.
- Obtén, de xeito autónomo, información lingüística relativa á clase de palabras e á normativa en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta.
- Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
- Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) en lingua galega adaptados á súa idade.
- Familiarízase, seguindo unhas pautas orientadoras, co emprego dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais, para a procura da información básica e a resolución de dúbidas de traballo.
- Consulta fontes xerais (enciclopedias) e especializadas (monográficos e webs temáticas) para ampliar a información e mellorar o coñecemento da mensaxe.
- Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información.
- Produce, en formato papel ou dixital, textos da vida cotiá ou das relacións sociais, segundo os modelos propostos na aula: convocatorias, actas de reunións e intervencións en foros.
- Produce, en soporte impreso ou dixital, textos xornalísticos, fundamentalmente, entrevistas, crónicas, reportaxes.
- Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.
- Usa correctamente elementos formais nos traballos educativos: citas bibliográficas, índices, paxinación, notas ao pé de páxina, organización de títulos, capítulos, etc.
- Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito.
- Usa as TIC (procesadores de textos e conectores ortográficos) para organizar os contidos, mellorar a presentación e facilitar a corrección dos textos escritos.
- Coñece e utiliza as ferramentas TIC para intercambiar opinións sobre escritos alleos e escribir e dar a coñecer os propios en blogs, redes sociais de lectores e escritores.
- Utiliza os dicionarios e outras fontes de consulta en diferentes soportes, resolven as súas dúbidas sobre o uso correcto da lingua e progresa na aprendizaxe.
- Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
- Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en lingua portuguesa (buscadores e enciclopedias)
- Analiza as gráficas sobre o uso do galego segundo a idade das persoas.
- Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
- Emprego de diferentes recursos básicos das TIC para a realización de traballos sinxelos e a cita axeitada destes.

## 4. Aprender a aprender (CAA)

Aprender a aprender supón dispor de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser capaz de continuar aprendendo de maneira cada vez máis eficaz e autónoma, de acordo aos propios obxectivos e necesidades.

Aprender a aprender implica a conciencia, xestión e control das propias capacidades e coñecementos desde un sentimento de competencia ou eficacia persoal, e inclúe tanto o pensamento estratéxico como a capacidade de cooperar, de se autoavaliar, e o manexo eficiente dun conxunto de recursos e técnicas de traballo intelectual. Todo iso desenvólvese, a través de experiencias de aprendizaxe conscientes e gratificantes, tanto individuais coma colectivas.

Consiste en fomentar tarefas que permitan que o alumno ou alumna se recoñeza a si mesmo/a como aprendiz para a mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Traballaranse os seguintes descritores de maneira prioritaria:

- Identificar potencialidades persoais como aprendiz: estilos de aprendizaxe, funcións executivas...
-Xestionar os recursos e motivacións persoais en favor da aprendizaxe.
-Xerar estratexias para aprender en distintos contextos de aprendizaxe.
-Aplicar estratexias para a mellora do pensamento creativo, crítico, emocional, interdependente...
-Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

Os estándares de aprendizaxe avaliables da materia a respecto desta competencia serían os seguintes:

•Comprende e interpreta a intención comunicativa de textos orais sinxelos (noticias de actualidade).
•Traslada a información relevante ou a idea xeral de textos sinxelos a resumos.
•Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os datos máis relevantes en textos orais do ámbito social e educativo.
•Segue instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
•Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e significado da linguaxe non verbal.
•Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e das diferenzas atopadas.
•Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.
•Aprecia a emisión dunha pronuncia correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea e propón solucións para melloralas.
•Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia da lingua galega.
•Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.
•Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal ás súas producións orais.
•Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos.
•Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.
•Utiliza técnicas de análise e de síntese do contido: subliñados, esquemas e resumos.
•Procura o léxico descoñecido en dicionarios, analiza a forma da palabra ou deduce o significado polo contexto.
•Busca información para ampliar e completar o contido das mensaxes a través de distintos recursos: xornais, revistas, libros, enciclopedias, buscadores de internet.
•Contrasta os contidos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura.
•Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.
•Usa de forma guiada bibliotecas e as TIC para obter información e consultar modelos de composición escrita.
•Participa, de modo guiado, nas tarefas de revisión e mellora das producións propias e alleas.

- Acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e mostra unha actitude positiva de superación.
- Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega.
- Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, utiliza este coñecemento para corrixir erros e distingue as flexivas das non flexivas.
- Recoñece e explica nos textos as referencias deícticas persoais.
- Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores textuais máis comúns, en particular os temporais e explicativos.
- Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros, usando as regras de concordancia.
- Identifica as funcións sintácticas no seo da oración.
- Recoñece as modalidades asertivas, interrogativas, exclamativas, desiderativas, dubitativas e imperativas en relación coa intención comunicativa do emisor.
- Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación.
- Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
- Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.
- Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas.
- Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas.
- Diferencia as explicacións dos argumentos.
- Identifica a intención comunicativa, a tese e os argumentos dos debates, relatorios e mesas redondas dentro do ámbito educativo e elabora un esquema ou resumo.
- Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).
- Aprecia a emisión dunha pronuncia galega correcta, recoñece os erros de produción oral propia e allea a partir da práctica habitual de autoavaliación e propón solucións para mellorala.
- Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á maneira de pronunciar a lingua galega.
- Avalía as intervencións propias das alleas.
- Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves.
- Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral.
- Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos.
- Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.
- Usa técnicas de síntese do contido dos textos: subliñados, esquemas e resumos.
- Usa técnicas de ampliación e organización da información: táboas, cadros, gráficos e mapas conceptuais.
- Busca e asimila o significado da palabras do rexistro formal e incorpóraas progresivamente ao seu vocabulario.
- Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto.
- Comprende e interpreta textos propios do ámbito educativo, especialmente os expositivos e explicativos elaborados a partir da información obtida nas bibliotecas.
- Consulta fontes xerais (enciclopedias) e especializadas (monográficos e webs temáticas) para ampliar a información e mellorar o coñecemento da mensaxe.
- Interpreta, deduce e explica a información que aparece en diagramas, gráficas e mapas conceptuais.
- Interpreta o sentido global e compón o esquema xerarquizado das ideas de textos expositivos e explicativos.

•Aplica correctamente o sistema de procura na biblioteca e nos buscadores de internet para obter, organizar e seleccionar información.
•Planifica a composición dos escritos en función do tipo de texto e da situación comunicativa para redactar textos adecuados, coherentes e ben cohesionados.
•Redacta borradores, utiliza esquemas, árbores ou mapas conceptuais para planificar e organizar os seus escritos.
•Consulta fontes de información en distintos soportes para seleccionar contidos relevantes que posteriormente reelaborará e incorporará ao seu escrito.
•Revisa os textos de xeito gradual para resolver dificultades de contido (temática e estrutura) e de forma (cuestións tipográficas, ortográficas e gramaticais).
•Selecciona o léxico e as expresións axeitadas en contextos comunicativos de uso formal da lingua.
•Produce textos orais e escritos de diferentes xéneros cun correcto uso das distintas categorías gramaticais.
•Identifica e explica os usos e valores das categorías gramaticais relacionándoas coa intención comunicativa e a tipoloxía textual.
•Recoñece e explica os procedementos de creación de palabras.
•Crea palabras novas utilizando os procedementos de creación.
•Recoñece e usa adecuadamente a fonética da lingua galega.
•Emprega textos orais e escritos e respecta as normas gramaticais.
•Recoñece e explica nos textos as funcións sintácticas oracionais e diferencia os elementos que as desempeñan.
•Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.
•Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.

**5. Competencias sociais e cívicas (CSC)**

Estas competencias implican a habilidade e a capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, interpretar fenómenos e problemas sociais en contextos cada vez máis diversificados, elaborar respostas, tomar decisións e resolver conflitos, así como para interactuar con outras persoas e grupos, conforme a normas baseadas no respecto mutuo e en conviccións democráticas.

En concreto, a competencia social relaciónase co benestar persoal e colectivo. Os elementos fundamentais desta competencia inclúen o desenvolvemento de certas destrezas como a capacidade de se comunicar dunha maneira construtiva en distintos contornos sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía.

Así mesmo, esta competencia inclúe actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade.

A competencia cívica baséase no coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís, así como da súa formulación na Constitución española, no Estaturo de Autonomía de Galicia, na Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, autonómica, nacional, europea e internacional.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, e implica manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos, que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos.

Polo tanto, para o adecuado desenvolvemento destas competencias é necesario comprender o mundo no que se vive, en todos os aspectos sociais, culturais e humanos. Pero tamén incorporan formas de comportamento individual que capacitan ás persoas para convivir en sociedade.
Trátase de traballar con outros, descubrir as diferenzas e establecer normas para a convivencia que favorezan o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. Chegar a consensos, establecer e cumprir regras, seguir as normas de comunicación... A contextualización da comunicación lingüística e literaria fai fundamental o traballo desta competencia. Adestraremos os seguintes descritores:

-Coñecer as actividades humanas e identificar as implicacións de vivir nun Estado social e democrático de dereito referendado por unha constitución.
-Desenvolver capacidade de diálogo cos demais en situacións de convivencia e traballo para resolución de conflitos.
-Mostrar dispoñibilidade para a intervención activa en ámbitos de participación establecidos.
-Recoñecer riqueza na diversidade de opinións e ideas.
- Aprender a comportarse desde o coñecemento dos distintos valores.

Os estándares de aprendizaxe avaliables da materia a respecto desta competencia serían os seguintes:
•Coñece e aprecia as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na orde que lle corresponde, manifesta respecto polas opinións alleas e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).
•Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e significado da linguaxe non verbal.
•Identifica e rexeita os usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos ou discriminacións.
•Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.
•Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo, respectando as regras de interacción.
•Cínguese ao tema, non divaga e atende as instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios.
•Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.
•Adecúa a súa pronuncia á finalidade da situación comunicativa.
•Participa en conversas informais nas que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.
•Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.
•Comprende, interpreta e sintetiza o contido de textos propios da vida cotiá: mensaxes electrónicas ou de móbil, de correo electrónico, normas e instrucións de uso.
•Comprende, interpreta e sintetiza escritos dos medios de comunicación, especialmente, os narrativos e expositivos de estrutura descritiva e secuencial.
•Comprende, interpreta e sintetiza textos propios da vida educativa: webs educativas, información de dicionarios, glosarios e enciclopedias en distintos soportes.
•Manifesta unha actitude crítica ante as mensaxes que transmiten prexuízos e reflexiona sobre os usos lingüísticos discriminatorios.
•Identifica e evita o uso de expresións habituais que evidencian prexuízos de distinta natureza: relixiosos, raciais e sexistas.
•Produce textos propios das relacións sociais: notas, cartas, avisos, mensaxes electrónicas ou de móbil.
•Produce, a partir dun modelo, textos propios dos medios de comunicación, fundamentalmente, noticias, en formato papel ou dixital.
•Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua.
•Coñece a lexislación que regula os dereitos lingüísticos individuais.

- Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de novos e vellos prexuízos cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.
- Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións. Recoñece os procedementos lingüísticos para manifestarse a favor ou en contra.
- Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria).
- Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.
- Respecta as quendas de palabra, o espazo, xesticula de xeito adecuado, escoita activamente os demais e usa fórmulas de saúdo e despedida.
- Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.
- Participa en conversas informais nas que intercambia información e expresa a súa opinión.
- Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.
- Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa.
- Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente.
- Comprende e interpreta textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: convocatorias, actas de reunión e regulamentos.
- Comprende e interpreta textos xornalísticos, fundamentalmente en entrevistas, crónicas e reportaxes.
- Distingue entre os contidos informativos e as opinións que se expresan nos textos xornalísticos.
- Produce, en soporte impreso ou dixital, textos expositivos e explicativos sobre distintas materias curriculares elaborados a partir de información obtida en bibliotecas e outras fontes de información.
- Utiliza o rexistro lingüístico adecuado en función da situación comunicativa e do ámbito de uso.
- Coñece e utiliza as ferramentas TIC para intercambiar opinións sobre escritos alleos e escribir e dar a coñecer os propios en blogs, redes sociais de lectores e escritores. Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura.
- Interpreta o sentido de textos orais e escritos, identifica a intención comunicativa e recoñece a postura de cada emisor.
- Valora a lingua como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo e amósase capaz de explicar a súa postura.
- Valora o plurilingüismo inclusivo, desde a lingua propia, como expresión da riqueza cultural da humanidade e amósase capaz de explicar a súa postura.
- Coñece os territorios que forman parte da comunidade lusófona e a importancia desta na vida social e económica galega.
- Incorpora á súa práctica cotiá os principais recursos da rede en lingua portuguesa (buscadores e enciclopedias).
- Describe e analiza a situación sociolingüística de Galicia.
- Analiza as gráficas sobre o uso do galego segundo a idade das persoas.
- Coñece as principais iniciativas normalizadoras da lingua galega.
- Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega.
- Recoñece os acontecementos relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
- Identifica as causas dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
- Identifica as consecuencias dos feitos máis relevantes da historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.
- Interpreta gráficos, táboas, textos e información dos medios e das TIC, relacionados coa historia social da lingua galega desde os seus inicios ata 1916.

•Coñece a lexislación estatal e autonómica e regula que regula a utilización do galego e a súa promoción.
•Coñece o que é un prexuízo, detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter sociocultural e sociopolítico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno.
•Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.
•Rexeita os prexuízos sobre as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.

### 6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)

Esta competencia implica a capacidade de transformar as ideas en acto, o que significa adquirir conciencia da situación a intervir ou resolver, e saber elixir, planificar e xestionar os coñecementos, destrezas ou habilidades e actitudes necesarios con criterio propio, co fin de alcanzar o obxectivo previsto.
A adquisición desta competencia é determinante na formación de futuros cidadáns e cidadás emprendedores, contribuíndo así á cultura do emprendemento.
Entre os coñecementos que require a competencia inclúese a capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais.
Para o adecuado desenvolvemento desta competencia, resulta necesario abordar a capacidade creadora e de innovación, a capacidade proactiva para xestionar proxectos, a capacidade de asunción e xestión de riscos e manexo da incerteza, as calidades de liderado e traballo individual e en equipo, e por último, o sentido crítico e da responsabilidade.
Favorece a autonomía do alumnado e o desenvolvementos de habilidades persoais para emprender accións innovadoras en contextos académicos que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. Trátase de adquirir hábitos que lle permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas. Primamos os seguintes descritores:

-Optimizar os recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.
-Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
-Ser constante no traballo, superando as dificultades.
-Dirimir a necesidade de axuda en función das dificultades da tarefa.
-Xestionar o traballo do grupo, coordinando tarefas e tempos.
-Xerar novas e diverxentes posibilidades desde coñecementos previos do tema.
-Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para a consecución de obxectivos.
-Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Os estándares de aprendizaxe avaliables da materia a respecto desta competencia serían os seguintes:

•Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e significado da linguaxe non verbal.
•Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións.
•Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e visualmente atractivas.
•Respecta os aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.
•Participa en conversas informais nas que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.
•Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo.
•Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal.

•Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade.
•Participa en conversas informais nas que intercambia información e expresa a súa opinión.

## 7. Conciencia e expresións culturais (CCEC)

Esta competencia implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilizalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Incorpora tamén unha compoñente expresiva referida á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilizalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade coma doutras comunidades.

Polo tanto, require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, xéneros e estilos, tanto das belas artes coma doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia para a conciencia e expresión cultural resulta necesario abordar o coñecemento, estudo e comprensión de distintos estilos e xéneros artísticos e das principais obras e producións culturais e artísticas; a aprendizaxe das técnicas e recursos; o desenvolvemento da capacidade e intención de expresarse e comunicar ideas, experiencias e emocións propias; a potenciación da iniciativa, a creatividade e a imaxinación propias de cada individuo de cara á expresión das propias ideas e sentimentos; o interese, aprecio, respecto, gozo e valoración crítica das obras artísticas e culturais; a promoción da participación na vida e a actividade cultural da sociedade na que se vive; e por último, o desenvolvemento da capacidade de esforzo, constancia e disciplina para a creación de calquera produción artística de calidade.

A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquire a través da literatura facilitan o desenvolvemento desta competencia. A verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas, as creacións propias, o coñecemento do acervo literario... fan desta área un cauce perfecto para adestrar esta competencia. Traballaremos, por tanto, os seguintes descritores:

-Mostrar respecto cara ao patrimonio cultural mundial nas súas distintas vertentes e cara ás persoas que contribuíron ao seu desenvolvemento.
-Valorar a interculturalidade como unha fonte de riqueza persoal e cultural.
-Expresar sentimentos e emocións dende códigos artísticos.
-Apreciar a beleza das expresións artísticas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.
-Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

Os estándares de aprendizaxe avaliables da materia a respecto desta competencia serían os seguintes:

•Usa, se a posúe, a variante dialectal propia e asúmea como a variedade habitual do seu contexto.
•Participa en conversas informais nas que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos, e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas.
•Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) en lingua galega adaptados á súa idade.
•Aprecia as variantes diatópicas como símbolo de riqueza lingüística e cultural.
•Escribe textos sinxelos de intención estética, servíndose dos coñecementos literarios adquiridos e dos recursos retóricos traballados na aula.

•Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos do cómic como linguaxe artística.
•Identifica e describe, nun cómic dado, os principais trazos definitorios.
•Describe e caracteriza os trazos definitorios básicos da canción como linguaxe artística.
•Identifica e describe, nunha canción dada, os seus principais trazos definitorios.
•Coñece e utiliza as ferramentas TIC para intercambiar opinións sobre escritos alleos e escribir e dar a coñecer os propios en blogs, redes sociais de lectores e escritores.
•Crea ou recrea textos sinxelos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.
•Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos.

## 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO:

A área de Lingua Galega e Literatura na ESO ten como finalidade fundamental o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado e está orientada cara aos seguinte aspectos:

– Aprendizaxe instrumental do idioma.
– Capacidade para interaccionar adecuadamente en diferentes situacións comunicativas (ámbito escolar, social, cultural e profesional) mediante o emprego de mensaxes orais e escritas.
– Comprensión da realidade lingüística de Galicia, adoptando unha actitude de aprecio pola sensibilidade cara á lingua galega e a súa aceptación social.
– Coñecemento das obras literarias e dos/as autores/as principciais en lingua galega.

A ESO debe favorecer o uso funcional da lingua como instrumento de comunicación oral e escrita e de representación, así como a conciencia crítica sobre a situación do idioma e a súa permanencia histórica.

Tendo isto en conta, estableceremos unha serie de obxectivos, tanto xerais como específicos para cada nivel, no presente curso académico 2022-2023:

<u>Obxectivos didácticos xerais da etapa e da materia</u>

Os obxectivos didácticos son os referentes relativos aos logros que o alumnado debe alcanzar ao rematar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin.

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal

ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Obxectivos por curso

Xa concretando para cada curso dos que se reflicten na presente programación (2º e 4º de ESO) e en relación coa materia de Lingua Galega e Literatura, establecemos os seguintes obxectivos:

OBXECTIVOS 2º ESO

- Coñecer o concepto de prexuízo, especialmente os que afectan á lingua, analizando as razóns que motivan a súa orixe e construíndo unha opinión crítica para os poder combater.
- Detectar e desbotar prexuízos lingüísticos, especialmente os referidos á lingua galega.
- Entender e analizar a mecánica da comunicación, así como os elementos que interveñen no proceso comunicativo.
- Saber cales son as funcións da linguaxe e que factores as determinan.
- Identificar e analizar as particularidades da lingua galega en canto á súa vitalidade e status social e legal.
- Entender os conceptos de lingua maioritaria, lingua minoritaria e lingua minorizada, relacionándoos con outros conceptos propios da sociolingüística.
- Comprender e analizar a realidade lingüística galega a través do estudo das súas variedades internas.
- Estudar e valorar os fenómenos lingüísticos propios do galego, en particular a gheada e o seseo.
- Repasar os compoñentes do alfabeto galego e determinar os casos en que poden aparecer certas letras e grafías «exóticas».
- Coñecer a lexislación que regula o uso dos topónimos galegos analizando o seu grao de vixencia e protección na actualidade.
- Valorar os topónimos (incluíndo a microtoponimia), así como os antropónimos, como un ben cultural necesariamente preservable.
- Aprender a orixe dalgúns topónimos e coñecer aqueles que designan as realidades da contorna do propio alumnado.
- Analizar as diferentes modalidades textuais segundo a organización do seu discurso, traballando con mostras reais.
- Producir textos propios (orais e escritos) atendendo ás propiedades da adecuación, a cohesión e a coherencia.
- Coñecer as características básicas do substantivo, do adxectivo determinativo e do adxectivo cualificativo desde o punto de vista morfolóxico.
- Coñecer e pór en práctica as regras para a flexión de xénero e de número en substantivos, adxectivos determinativos e cualificativos.
- Identificar os graos que pode presentar o adxectivo cualificativo realizando prácticas encamiñadas ao seu uso adecuado nas estruturas comparativas.
- Saber realizar a división silábica dunha palabra con base na súa acentuación.
- Consolidar os coñecementos sobre a acentuación gráfica nos casos de palabras oxítonas, paroxítonas e proparoxítonas, especialmente cando presentan ditongos, hiatos e tritongos.
- Analizar, de maneira sucinta, as relacións entre as palabras que operan no plano da Semántica.
- Recoñecer determinados trazos semánticos nas palabras dun texto.
- Coñecer as diferentes tipoloxías textuais segundo o seu ámbito de uso.
- Determinar as características dos textos da vida cotiá e das relacións sociais, facendo especial fincapé naqueles vinculados coas novas tecnoloxías.
- Recoñecer, nun texto, os seus trazos principais e identificar aqueles que permiten adscribilo a unha tipoloxía concreta.
- Analizar o funcionamento dos pronomes, especialmente dos pronomes persoais.
- Saber diferenciar, en contextos de uso simples, cando o pronome presenta función substantiva e cando presenta función adxectiva, distinguindo o pronome do adxectivo determinativo.
- Coñecer as formas dos pronomes persoais, distinguindo a serie tónica da átona.
- Aprender as regras básicas de colocación do pronome átono.
- Repasar as normas de acentuación e coñecer os casos de acentuación diacrítica.
- Analizar pormenorizadamente as relacións semánticas de polisemia e homonimia, distinguindo os casos de homonimia máis comúns.

- Expoñer as características dos textos dos medios de comunicación.
- Estudar e analizar os textos xornalísticos desde diferentes perspectivas: estrutura, estilo e expresividade, xénero, trazos diferenciais, modalidade oral ou escrita... facendo especial fincapé nas características específicas dos medios dixitais.
- Redactar textos xornalísticos propios e procurar información na Rede para iso.
- Realizar un achegamento ao verbo, ás formas verbais e á conxugación.
- Recoñecer algunhas das singularidades dos verbos regulares.
- Empregar as formas verbais axeitadas en contextos determinados.
- Repasar a acentuación en casos de encontro vocálico.
- Diferenciar os tipos de ditongos e hiatos segundo as vogais que os compoñen.
- Recoñecer, en mostras sonoras, o timbre das vogais de grao medio.
- Comprender os conceptos de sinonimia e antonimia, analizando as súas diferentes tipoloxías.
- Recoñecer exemplos de sinonimia e antonimia nos textos facilitados, así como interpretar as súas diferentes casuísticas en contextos predefinidos para iso.
- Estudar e analizar as diferentes tipoloxías de textos da vida académica.
- Recoñecer as características de distintos tipos de texto da vida académica, favorecendo a capacidade de construír textos de produción propia con base nestas.
- Analizar e recoñecer a estrutura morfolóxica dos verbos semirregulares e irregulares.
- Conxugar, de maneira axeitada, verbos semirregulares e irregulares, de xeito que se amose o dominio das súas particularidades morfolóxicas.
- Coñecer, de maneira xeral, os usos do infinitivo flexionado, recoñecendo contextos de uso en que resulte rendible o seu emprego.
- Analizar e recoñecer a estrutura das perífrases verbais máis correntes na lingua galega.
- Repasar e consolidar algúns casos especiais de acentuación en galego.
- Recoñecer algunhas das relacións semánticas máis frecuentes entre as palabras.
- Profundar no coñecemento da hiperonimia e a hiponimia.
- Analizar o concepto de cohiponimia.
- Coñecer, de maneira xenérica, os conceptos de meronimia e holonimia.
- Identificar as características básicas do texto literario.
- Recoñecer os principais trazos da linguaxe literaria, desde os recursos de repetición ata os recursos da linguaxe figurada.
- Estudar o concepto de sintagma, recoñecendo as súas diferentes clases.
- Introducir os principios básicos da análise sintáctica.
- Aprender algunhas cuestións que entrañan certa dificultade canto á ortografía da lingua, nomeadamente respecto das palabras que se escriben con *x* e/ou *s*.
- Analizar e diferenciar os termos campo semántico, campo lexical e campo asociativo.
- Introducir o concepto de familia léxica.
- Establecer os elementos propios da narración literaria.
- Distinguir os distintos tipos de narrador que pode presentar un texto literario de carácter narrativo, tendo en conta a súa perspectiva (voz interna e voz externa).
- Clasificar os personaxes dunha narración literaria segundo sexan principais ou secundarios.
- Analizar o concepto de espazo narrativo, establecendo unha clasificación de acordo coas súas características a respecto dos seus posibles referentes reais (ou ante a ausencia deles).
- Analizar e comprender as diferenzas entre o tempo interno e o tempo externo dunha narración literaria, incidindo nas posibles alternativas existentes nunha narración deste tipo segundo a orde en que os sucesos son relatados.
- Distinguir entre enunciado, frase e oración.
- Estudar o concepto de suxeito, mais a súa estrutura, ademais de determinar cantas clases de suxeito se poden dar nunha oración.
- Aprender a identificar o suxeito dunha oración, reparando naqueles casos en que as oracións sexan impersoais.

- Recoñecer os casos de palabras de grafía dubidosa, nomeadamente aquelas que en galego se escriben con *x*, *s*, *ll* ou *i* e que teñen unha correspondencia diferente en español, idioma de interferencia frecuente.
- Entender o concepto de palabra e analizar os seus constituíntes.
- Distinguir as palabras simples das palabras complexas.
- Analizar e comprender o funcionamento da derivación afixal como un dos mecanismos básicos para a formación de palabras.
- Analizar e interiorizar o concepto de novela distinguíndoa doutros xéneros e subxéneros narrativos.
- Observar as diferentes modalidades de novela que se poden distinguir segundo a súa temática e, ademais, a verosimilitude dos sucesos narrados.
- Coñecer algúns exemplos significativos de novelas da literatura galega e da literatura universal.
- interiorizar, de maneira significativa, aqueles trazos distintivos do xénero narrativo e ser quen de crear producións propias a partir deles.
- Recoñecer o predicado dunha oración e identificar o seu núcleo.
- Analizar e recoñecer algúns dos complementos que se inclúen no predicado, concretamente o complemento directo, o indirecto e o atributo.
- Distinguir o predicado nominal do predicado verbal.
- Repasar algunhas das grafías problemáticas, canto aos grupos consonánticos, e aprender a escribir e a pronunciar correctamente as palabras que os presentan.
- Comprender os conceptos de composición e parasíntese, poñéndoos en relación con outros procesos de formación de palabras previamente estudados.
- Relacionar o concepto de parasíntese co de derivación afixal, distinguindo a mecánica que os separa canto á maneira de crear novas palabras.
- Profundar no concepto de cinema, estudando os seus diferentes xéneros tendo en conta diversos criterios clasificatorios.
- Entender o funcionamento de diferentes recursos da linguaxe cinematográfica.
- Analizar diversas clases de complementos propios do predicado verbal: o complemento predicativo, o complemento de réxime, o complemento axente e o complemento circunstancial.
- Producir textos propios que respecten as propiedades textuais básicas.
- Recoñecer, en diferentes enunciados, os complementos do predicado estudados na unidade, distinguíndoos e, á vez, relacionándoos cos complementos estudados previamente.
- Aprender a grafía de certas palabras de grafía dubidosa, poñendo en relación a súa escrita co seu significado.
- Recoñecer as palabras derivadas por sufixación e prefixación, dentro do mecanismo de derivación afixal.
- Apreciar as diferenzas entre sufixos e prefixos apreciativos e nocionais.
- Coñecer as orixes da lírica e os seus trazos básicos.
- Repasar as regras para o cómputo silábicos dos versos dun poema.
- Aprender as licenzas métricas que se poden aplicar na contaxe silábica dos versos.
- Analizar os tipos de rima, consonante e asonante.
- Aprender a realizar o esquema métrico dunha composición poética.
- Valorar a achega dos tópicos literarios ao universo poético.
- Gozar do texto poético e interesarse polas composicións propias e alleas.
- Comprender a clasificación da oración simple segundo os diferentes criterios que permiten elaborar a dita clasificación.
- Analizar as distintas modalidades oracionais e os exemplos delas, recoñecéndoas en textos escritos.
- Coñecer as principais regras de uso do punto, a coma e o punto e coma.
- Recoñecer os marcadores discursivos nun texto.
- Valorar a pertinencia dos marcadores discursivos para favorecer a cohesión textual.
- Coñecer os trazos básicos do xénero dramático.
- Analizar a historia do xénero dramático, valorando as súas orixes e aprendendo das motivacións que levaron a sociedade a desenvolvelo.

- Diferenciar os textos que inclúe a obra dramática, distinguindo o texto dramático do texto teatral.
- Recoñecer, en textos dramáticos, os constituíntes esenciais do dito texto.
- Comprender e catalogar os recursos e elementos propios das obras dramáticas.
- Gozar da lectura de textos do xénero teatral, así como doutros xéneros.
- Coñecer algúns aspectos da historia do teatro galego e achegarse á súa pegada na actualidade.
- Escribir textos de produción propia, que redunden no pracer artístico e creativo, respectando as propiedades textuais básicas.
- Interiorizar as claves que debe cumprir un conxunto de enunciados para conformar un texto.
- Recoñecer, en textos literarios e non literarios, as marcas referidas a cadansúa propiedade textual.
- Aprender a utilizar, con propiedade, os signos de puntuación, nomeadamente os dous puntos, a raia e as comiñas.
- Distinguir a raia do guión, así como os seus usos.
- Coñecer mostras fraseolóxicas xenuinamente galegas.
- Distinguir, no ámbito das paremias e os enunciados fraseolóxicos, os refráns e as frases feitas.
- Detectar expresións e fraseoloxía allea ao ámbito lingüístico da lingua galega.
- Fomentar o interese polo léxico autóctono, entendéndoo como unha prolongación dunha maneira de entender o mundo.
- Aproveitar a oportunidade que brinda a literatura de transmisión oral para o entendemento da idiosincrasia e a cultura galegas.
- Coñecer as características elementais da literatura de transmisión oral.
- Recoñecer diferentes modalidades de literatura de transmisión oral.
- Espertar o gusto polas modalidades narrativas e líricas propias da oralidade.
- Conscientizar o alumnado sobre a importancia de conservar os falares e os produtos culturais propios.
- Analizar e comprender o proceso de normalización lingüística.
- Interiorizar o concepto de lusofonía e identificar o seu ámbito de uso.
- Traballar diferentes prexuízos lingüísticos, articulando os argumentos conducentes ao seu desbotamento.
- Aprender a utilizar con eficacia e solvencia os signos de interrogación, exclamación e as barras.
- Producir textos propios con coherencia, cohesión e adecuación, con diferentes propósitos didácticos.

OBXECTIVOS 4º ESO

- Traballar a comprensión oral e lectora e a expresión oral e escrita.
- Coñecer, usar e valorar a adecuación, coherencia e cohesión e a claridade expositiva.
- Identificar e explicar os trazos que permiten diferenciar e clasificar os xéneros textuais.
- Elaborar producións lingüísticas cunha adecuación ao xénero textual.
- Adquirir léxico relativo á saúde mental.
- Identificar as palabras tabú, os eufemismos e os disfemismos, comprendendo o contexto social no que nacen.
- Repasar as regras ortográficas relativas á puntuación.
- Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.
- Traballar a normalización social do idioma a través da música, como vínculo positivo cara ao seu uso.
- Descubrir e valorar a diversidade lingüística mundial como fonte de enriquecemento da humanidade e o galego como sinal de identidade.
- Exercitar o pensamento crítico sobre a diversidade e eliminar prexuízos de calquera tipo.
- Adquirir valores coma o respecto e a tolerancia cara aos demais e cara a un/unha mesmo/a.

- Desenvolver a capacidade de síntese de información mediante distintas técnicas de planificación e comprensión dos textos.
- Coñecer as posibles estruturas morfolóxicas das palabras e os seus procedementos de creación.
- Recoñecer e usar a fonética da lingua galega, atendendo ao vocalismo.
- Repasar as regras de acentuación básicas da lingua galega.
- Descubrir as diferentes variedades lingüísticas do galego.
- Crear unha conciencia metalingüística de valoración da variación das linguas, especialmente da variedade lingüística propia.
- Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.
- Desenvolver a normalización social do idioma mediante a música, como vínculo positivo cara ao seu uso.
- Coñecer o contexto e as obras representativas do período das Irmandades da Fala.
- Identificar e explicar os trazos que permiten identificar o texto argumentativo e elaborar producións lingüísticas adecuadas a este xénero textual.
- Adquirir léxico relativo ás novas tecnoloxías e ás redes sociais
- Determinar os procesos fundamentais de innovación léxica e terminolóxica.
- Recoñecer e usar a fonética da lingua galega, atendendo ao consonantismo.
- Recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e a súa función unificadora.
- Coñecer os territorios que forman parte da comunidade lusófona e describir a súa importancia.
- Identificar e comprender a creación literaria do Grupo Nós.
- Analizar criticamente a forma e contido dos textos publicitarios.
- Adquirir léxico relativo á ecoloxía e ao medio.
- Describir os procesos morfolóxicos que permiten a formación de palabras.
- Identificar as relacións de significado de hiperonimia, hiponimia, holonimia e meronimia.
- Presentar as normas ortográficas relativas aos casos conflitivos de prefixos e sufixos.
- Explicar a situación da lingua galega no primeiro terzo do século XX.
- Coñecer e interpretar o contexto e as obras representativas das vangardas na literatura galega.
- Adquirir léxico relativo ao mundo laboral.
- Interpretar e crear textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao ámbito laboral, administrativo e comercial
- Identificar as relacións de significado de sinonimia e oposición.
- Distinguir as diferentes clases de palabras.
- Repasar as regras ortográficas relativas ao uso de s/x e c/z
- Explicar a situación sociolingüística da lingua galega entre 1936 e 1975
- Coñecer e interpretar a literatura durante a Guerra Civil e a diáspora.
- Expoñer a realidade da Guerra Civil española e as súas consecuencias.
- Adquirir léxico relativo á conflitividade bélica.
- Identificar as relacións de signfiicado de polisemia e homonimia.
- Intepretar e crear textos xornalísticos de opinión: carta ao director, editorial, columna e artigo de opinión.
- Recoñecer e usar as formas verbais da lingua galega e as perífrases.
- Repasar as regras ortográficas relativas ao uso conflitivo dos grupos consonánticos (I)
- Examinar o conflito lingüístico: bilingüismo, diglosia, linguas minorizadas e minoritarias
- Analizar a propia práctica lingüística dende unha perspectiva sociolingüística.
- Coñecer e interpretar a literatura galega de posguerra.
- Comprender as causas dos prexuízos lingüísticos do galego e rexeitar calquera tipo de discriminación cara a lingua.
- Adquirir léxico relativo ao ámbito da xustiza.
- Interpretar e crear textos escritos propios da vida cotiá pertencentes ao mundo administrativo.
- Coñecer e identificar as diferentes desviacións da lingua estándar.
- Analizar a propia práctica lingüística dende unha perspectiva sociolingüística.
- Repasar as regras ortográficas relativas ao uso conflitivo dos grupos consonánticos (II)

- Revisar e traballar sobre os distintos tipos de unidades e funcións sintácticas.
- Coñecer o contexto e as obras representativas da Nova Narrativa Galega.
- Identificar as abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos.
- Desenvolver estratexias para o uso responsable, ético e legal da información na realización de traballos académicos: referencias bibliográficas e citas textuais.
- Revisar e traballar sobre os distintos tipos de unidades e funcións sintácticas, atendendo especialmente aos complementos do verbo.
- Comprender a situación da lingua galega dende 1975 ata a actualidade, atendendo especialmente aos procesos de normativización e normalización
- Repasar as regras ortográficas relativas ao uso de *b*/*v* e *h*.
- Coñecer e interpretar a literatura galega a partir de 1975.
- Comprender e valorar a importancia do rural na sociedade e eliminar estereotipos erróneos asociados a esta realidade.
- Adquirir léxico relativo á realidade rural e fraseoloxía popular galega.
- Coñecer a disciplina onomástica, atendendo especialmente á toponimia e á antroponimia.
- Identificar e analizar os diversos tipos de cláusulas e oracións.
- Repasar as regras ortográficas relativas ao uso de palabras cuxos constituíntes poden ir xuntos ou separados.
- Exercitar o pensamento crítico acerca da situación actual do idioma galego.
- Analizar a propia práctica lingüística dende unha perspectiva sociolingüística.
- Coñecer e interpretar a literatura da etapa contemporánea (século XX e XXI): 1985-2021.

## 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE:

**a) Temporalización**
**b) Grao mínimo de consecución**
**c) Procedementos e instrumentos de avaliación**

En primeiro lugar, antes de concretar os estándares, faremos unha relación das **unidades didácticas** que se traballarán durante o curso, para posteriormente asocialas a cada un deses **estándares**. Cada unha das unidades está composta por contidos dos diferentes bloques establecidos no currículo da materia que, á súa vez, traballan diferentes estándares, de xeito que é visualmente máis fácil de asociar cada estándar coas unidades que o traballan, como se amosará nas táboas de estándares dos diferentes cursos.

Na descrición inicial das unidades, ademais, figura xa a **temporalización** das mesmas, é dicir, non só as distribuímos por trimestres, senón que ademais establecemos a duración das mesmas en número de sesións. Debe terse en conta que a duración das sesións pode variar en función de actividades complementarias, exames, días non lectivos, sesións dedicadas á lectura en voz alta... Tamén pode mudar a duración destinada a cada unidade didáctica, como é lóxico, segundo o grao de asimilación dos contidos da mesma por parte do alumnado. É posible que en moitas unidades sexa necesario dedicar máis tempo do estimado para reforzar certos conceptos realizando actividades a maiores das previstas.

Tendo isto en conta, pois, a distribución das unidades didácticas e dos estándares, quedaría en cada curso como se amosa no apartado que segue.

**a) Temporalización:**

LINGUA E LITERATURA 2º ESO

1ª avaliación. Unidades 1-2-3-4
2ª avaliación. Unidades 5-6-7-8
3ª avaliación. Unidades 9-10-11-12

UNIDADES DIDÁCTICAS 2º ESO

| UD | DESCRICIÓN | TEMPORALIZACIÓN (SESIÓNS) |
|---|---|---|
| 1 | Os prexuízos lingüísticos. A comunicación. O proceso comunicativo. Os elementos da comunicación. As funcións da linguaxe. O status da lingua galega. As variedades internas. A gheada e o seseo. O alfabeto: as grafías *j*, *k*, *w*, *y*. | 9 |
| 2 | Os nomes de lugar. A toponimia galega. Os xentilicios. As modalidades textuais. Textos narrativos e descritivos. Textos expositivos e instrutivos. Textos argumentativos. Substantivo e adxectivo. O substantivo. O adxectivo determinativo e o adxectivo cualificativo. A división silábica. | 9 |
| 3 | As relacións semánticas. Textos da vida cotiá e das relacións sociais. O diario, a carta, o correo electrónico. Avisos e solicitudes. O blog, o foro de Internet e as redes sociais. Os pronomes. Os pronomes persoais. Colocación do pronome átono. A acentuación. O acento diacrítico. | 9 |
| 4 | A polisemia e a homonimia. Textos dos medios de comunicación. A noticia, a reportaxe, a crónica e o artigo xornalístico. O verbo (I). As formas verbais. A conxugación verbal. Os verbos regulares. A acentuación (I): casos especiais. Os ditongos, os tritongos e os hiatos. | 9 |
| 5 | A sinonimia e a antonimia. Textos da vida académica. O cuestionario. O resumo. O esquema. O informe. A presentación dixital. O verbo (II): verbos semirregulares e irregulares. O infinitivo flexionado. As períífrases verbais. A acentuación (II): outros casos especiais de acentuación. | 9 |
| 6 | A hiperonimia e a hiponimia. A holonimia e a meronimia. O texto literario. Concepto e xéneros. Concepto de linguaxe literaria. Os recursos da linguaxe literaria: recursos de repetición e recursos da linguaxe figurada. Os sintagmas. A escrita do *s* e do *x.* | 8 |
| 7 | Campo semántico e campo lexical. A narración literaria. Os elementos da narración. A oración simple (I). Enunciado, frase e oración. O suxeito. A escrita das letras *s, x, ll, i.* | 8 |
| 8 | Palabras simples e complexas. A formación de palabras: a derivación afixal. A novela: concepto e tipoloxías. A oración simple (II). O predicado. Complemento directo e complemento indirecto. O atributo. Os grupos consonánticos. | 9 |
| 9 | A formación de palabras (II): a composición e a parasíntese. A familia de palabras. O cinema e os xéneros cinematográficos. A linguaxe cinematográfica. O guión. A oración simple (III). O complemento predicativo. O complemento de réxime. O complemento axente. O complemento circunstancial. Palabras xuntas e separadas. | 7 |
| 10 | Os prefixos e os sufixos. Os sufixos e os prefixos apreciativos e nocionais. | |

| | | |
|---|---|---|
| | A lírica. O cómputo e a medida dos versos. A rima. Os tópicos literarios. As clases de oracións. As modalidades oracionais. Os signos de puntuación (I). O punto, a coma, o punto e coma. | 7 |
| 11 | Os marcadores do discurso. O teatro. Características. Os subxéneros dramáticos. As propiedades do texto: a coherencia, a cohesión e a adecuación. Os signos de puntuación (II): os dous puntos, a raia e as comiñas. | 7 |
| 12 | A fraseoloxía popular: as frases feitas e os refráns. A literatura de transmisión oral. A normalización lingüística. A lusofonía. Os signos de puntuación (III): Os signos de interrogación e exclamación. A barra. | 7 |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxec-tivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Com-peten-cias clave** | **Unidades didácticas** |
| BLOQUE 1. COMUNICACIÓN ORAL. ESCOITAR E FALAR | | | | | |
| d<br>e<br>h<br>l<br>ñ | B1.1. Comprensión, interpretación e resumo de novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais procedentes dos medios de comunicación audiovisual. | B1.1. Comprender e interpretar a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos medios de comunicación (crónicas, reportaxes e documentais) e elaborar esquemas e resumos. | LGB1.1.1. Comprende o sentido global e identifica a intención comunicativa de textos orais de carácter informativo propios dos medios de comunicación audiovisual (reportaxes, crónicas e documentais). | CCL<br>CAA | 4 |
| | | | LGB1.1.2. Traslada a información relevante de discursos orais dos medios de comunicación audiovisual a esquemas ou resumos. | CCL<br>CAA | 4 |
| d<br>e<br>h | B1.2. Comprensión, interpretación e valoración de textos orais utilizados no ámbito social e educativo. | B1.2. Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais dos ámbitos social e educativo. | LGB1.2.1. Recoñece, xunto ao propósito e a idea xeral, os feitos e datos relevantes en textos orais do ámbito social e educativo. | CCL<br>CAA | 3 e 5. |
| | | | LGB1.2.2. Comprende e segue as instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía. | CAA | Todas as unidades. |
| a<br>c<br>d<br>h | B1.3. Desenvolvemento de habilidades de escoita cunha actitude de interese, cooperación e respecto ante as intervencións orais, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado. | B1.3. Coñecer e usar as normas de cortesía nas intervencións orais propias e alleas da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas. | LGB1.3.1. Coñece, aprecia e usa as normas que rexen a cortesía na comunicación oral (intervén na quenda que lle corresponde, respecta as opinións e recoñece e rexeita a linguaxe discriminatoria). | CSC<br>CCL | Todas as unidades. |
| | | | LGB1.3.2. Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos (entoación, pausas, ton, timbre e volume) e o significado dos trazos máis característicos da linguaxe non verbal. | CCL<br>CSC<br>CSIE | Todas as unidades. |
| a<br>c<br>d<br>e<br>h | B1.4. Escoita crítica e reflexiva ante as mensaxes discriminatorias dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo: noticias reportaxes e crónicas | B1.4. Identificar o propósito comunicativo en textos orais dos medios de comunicación, analizar criticamente os seus contidos e interpretar as connotacións e mensaxes discriminatorias implícitas. | LGB1.4.1. Diferencia as ideas principais e as secundarias e identifica a intención comunicativa de programas de carácter informativo: noticias, reportaxes e crónicas. | CCL | 4 |
| | | | LGB1.4.2. Compara o tratamento da mesma noticia en diferentes medios de | CCL<br>CAA | 4 |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** | **Unidades didácticas** |
| | | | comunicación e extrae conclusións a partir das coincidencias e diferenzas atopadas. | CSIEE | |
| | | | LGB1.4.3. Reflexiona sobre as mensaxes e rexeita usos lingüísticos que levan implícitos prexuízos e discriminacións. | CSC<br>CAA | 1 |
| h<br>o | B1.5. Valoración das producións orais emitidas cunha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | B1.5. Valorar as producións emitidas cunha fonética e prosodia correcta e amosar unha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela. | LGB1.5.1. Aprecia a emisión dunha pronuncia e prosodia correcta, recoñece os erros nas producións orais propias e alleas e propón solucións para melloralas. | CCL<br>CAA | Todas as unidades. |
| | | | LGB1.5.2. Comprende, interpreta e rexeita os prexuízos que se poidan asociar á pronuncia galega. | CAA | 1 |
| | | | LGB1.5.3. Asume, se a posúe, a variante dialectal propia e utilízaa na súa práctica habitual. | CCL<br><br>CCEC | Todas as unidades. |
| h<br>o | B1.6. Produción de discursos orais, en intervencións espontáneas, adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | B1.6. Producir textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | LGB1.6.1. Produce textos orais, en intervencións espontáneas, adecuadas á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección. | CCL<br>CSC | Todas as unidades. |
| | | | LGB1.6.2. Participa con fluidez nas intervencións orais espontáneas respectando as regras morfosintácticas desta lingua, en especial a colocación do pronome átono, así como a fonética galega (pronuncia das sete vogais, n velar e fonema fricativo palatal xordo). | CCL | Todas as unidades. |
| | | | LGB1.6.3. Emprega nas intervencións orais espontáneas expresións propias do galego (fraseoloxía adecuada). | CCL | Todas as unidades. |
| | | | LGB1.6.4. Emprega nas intervencións orais espontáneas un léxico rico e variado. | CCL | Todas as unidades. |
| b<br>e<br>g<br>h | B1.7. Coñecemento e aplicación, con axuda das TIC, de técnicas e estratexias para a produción de textos orais sobre temas de actualidade. | B1.7. Coñecer e aplicar, con axuda das TIC, técnicas e estratexias para realizar exposicións orais planificadas. | LGB1.7.1. Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes e incorporalos ás súas producións. | CD<br>CAA<br><br>CSIEE | Todas as unidades. |
| | | | LGB1.7.2. Emprega as TIC para facer as súas presentacións máis claras e atractivas visualmente. | CD<br>CCL<br>CSC | Todas as unidades. |
| a<br>c<br>d<br>h | B1.8. Participación activa en situacións propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión. | B1.8. Participar activamente en situación propias do ámbito educativo e de interese para o alumnado que xeren intercambio de opinión. | LGB1.8.1. Intervén en debates e coloquios do ámbito educativo con respecto ás regras de interacción e ás opinións alleas. | CCL<br>CSC | Todas as unidades. |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | Com-peten-cias clave | **Unidades didácticas** |
| | | | LGB1.8.2. Cínguese ao tema, non divaga e atende ás instrucións da persoa moderadora nos debates e coloquios. | CCL<br>CSC | Todas as unidades. |
| | | | LGB1.8.3. Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura. | CSC<br>CAA | Todas as unidades. |
| a<br>b<br>c<br>g<br>h<br>o | B1.9. Coñecemento, uso e aplicación de técnicas e estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso nas prácticas orais formais e informais. | B1.9. Aplicar técnicas e estratexias para falar en público, en situacións formais ou informais, de forma individual ou en grupo. | LGB1.9.1. Elabora guións para organizar os contidos de exposicións formais ou informais breves. | CAA | 3 e 5. |
| | | | LGB1.9.2. Fai uso dos aspectos prosódicos da linguaxe non verbal (a presentación, a posta en escena, os xestos e a mirada), manifesta autocontrol das emocións ao falar en público e diríxese ao auditorio con autoconfianza e seguridade. | CCL<br>CSC<br>CSIEE | Todas as unidades. |
| | | | LGB1.9.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal nas prácticas orais da lingua. | CLL<br>CSC | Todas as unidades. |
| | | | LGB1.9.4. Adecúa a súa pronuncia á finalidade da práctica oral. | CLL<br>CAA | Todas as unidades. |
| | | | LGB1.9.5. Recoñece e avalía erros (repeticións de conectores, pobreza léxica e castelanismos) nos discursos orais propios e alleos e trata, progresivamente, de evitalos. | CAA<br>CCL | Todas as unidades. |
| a<br>d<br>h<br>l<br>ñ | B1.10. Construción de discursos adecuados a distintos rexistros, coherentes e ben organizados sobre temas de interese persoal ou social da vida cotiá e educativo. | B1.10. Producir discursos breves e comprensibles, nun rexistro neutro, informal ou máis culto, sobre temas da vida cotiá ou educativa. | LGB1.10.1. Participa en conversas informais nos que intercambia información e expresa a súa opinión, fai invitacións e ofrecementos e pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas. | CCL<br>CSC<br>CSIEE<br>CCEC | Todas as unidades. |
| | | | LGB1.10.2. Desenvólvese correctamente en situacións da vida cotiá que implique solicitar unha información ou un servizo. | CSC<br>CSIEE | Todas as unidades. |
| | | | LGB1.10.3. Utiliza as fórmulas de tratamento e as regras de cortesía axeitadas ao destinatario e á situación comunicativa. | CCL<br>CSC | Todas as unidades. |
| | | | LGB1.10.4. Analiza similitudes e diferenzas entre discursos formais e espontáneos. | CCL<br>CAA | 3 |
| BLOQUE 2. COMUNICACIÓN ESCRITA. LER E ESCRIBIR | | | | | |
| b<br>f<br>h | B2.1. Coñecemento e uso de técnicas de análise do contido e de estratexias de lectura comprensiva: | B2.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de | LGB2.1.1. Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as | CCL<br>CAA | Todas as unidades. |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxec-tivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Com-peten-cias clave** | **Unidades didácticas** |
| | esquemas, resumos, etc. | comprensión. | ideas. | | |
| | | | LGB2.1.2. Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto, analiza a forma das palabras ou usa dicionarios para contextualizar as acepcións. | CCL CAA | Todas as unidades. |
| | | | LGB2.1.3. Identifica a idea principal e as secundarias e comprende a relación existente entre elas. | CCL | Todas as unidades. |
| | | | LGB2.1.4. Relaciona a información explícita e implícita dun escrito en función do contexto. | CCL | Todas as unidades. |
| | | | LGB2.1.5. Compila información para comprender e ampliar o coñecemento das mensaxes: busca bibliografía; consulta libros, revistas, xornais; utiliza recursos audiovisuais e buscadores de internet. | CCL CAA | Todas as unidades. |
| | | | LGB2.1.6. Contrasta os contidos dos textos analizados cos coñecementos propios, antes e despois da lectura. | CCL CAA | Todas as unidades. |
| d e h | B2.2. Comprensión e interpretación de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos aos intereses do alumnado: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes. | B2.2. Comprender e interpretar textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes. | LGB2.2.1. Comprende e interpreta a información máis relevante de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos e solicitudes. | CCL CSC | 3 |
| | | | LGB2.2.2. Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá. | CCL CSC | Todas as unidades. |
| | | | LGB2.2.3. Comprende e interpreta normas de convivencia, regras de xogos, correspondencia escolar. | CCL CSC | Todas as unidades. |
| d e h | B2.3. Comprensión e interpretación, en formato papel e dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias). | B2.3. Comprender e interpretar, en formato papel ou dixital, textos propios dos medios de comunicación (noticias). | LGB2.3.1. Comprende e interpreta textos propios dos medios de comunicación (noticias). | CCL CSC | 4 |
| | | | LGB2.3.2. Localiza a información destacada de textos propios dos medios de comunicación: portadas e titulares. | CCL | 4 |
| d e h | B2.4. Comprensión e interpretación, en formato papel ou dixital, de textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. | B2.4. Comprender e interpretar en formato papel ou dixital, textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. | LGB2.4.1. Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias. | CCL CD CAA | Todas as unidades. |
| | | | LGB2.4.2. Identifica as características específicas de todo tipo de textos nos que se expoñan feitos e se expliquen ideas e conceptos das distintas | CCL | Todas as unidades. |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| Obxec-tivos | Contidos | Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | Com-peten-cias clave | Unidades didácticas |
| | | | materias curriculares. | | |
| b<br>e<br>h | B2.5. Uso, progresivamente autónomo, das bibliotecas e das TIC para seleccionar información. | B2.5. Seleccionar a información que se obtén nas bibliotecas, nas TIC e outras fontes e integrar os coñecementos adquiridos non proceso de aprendizaxe continua. | LGB2.5.1. Utiliza, de forma progresivamente autónoma, diversas fontes de información e integra os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais e escritos. | CCL<br>CCA | Todas as unidades. |
| | | | LGB2.5.2. Coñece e utiliza habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital. | CCL<br>CD<br>CAA | Todas as unidades. |
| | | | LGB2.5.3. Coñece o funcionamento das bibliotecas, así como as bibliotecas dixitais e é quen de solicitar libros e vídeos de xeito autónomo. | CCL<br>CD<br>CAA | Todas as unidades. |
| c<br>d<br>h | B2.6. Actitude reflexiva e crítica ante a lectura para identificar usos lingüísticos discriminatorios, manifestar posturas de acordo e desacordo e expor razoadamente as ideas respectando as ideas dos demais. | B2.6. Amosar unha actitude reflexiva e crítica ante a lectura que permita identificar usos lingüísticos discriminatorios e manifestar posturas de acordo ou desacordo e respecto ás mensaxes expresadas. | LGB2.6.1. Detecta mensaxes que transmiten prexuízos e evita usos lingüísticos discriminatorios. | CCL<br>CSC | 1 |
| | | | LGB2.6.2. Identifica e expresa posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto. | CCL<br>CSC | Todas as unidades. |
| | | | LGB2.6.3. Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto. | CCL | Todas as unidades. |
| | | | LGB2.6.4. Respecta as opinións dos demais. | CCL<br>CSC | Todas as unidades. |
| h<br>ñ | B2.7. Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función, con posibilidade de usar recursos audiovisuais para o rexistro de voz. | B2.7. Ler en voz alta co dicción, entoación e ritmo adecuados á situación comunicativa e á súa función. | LGB2.7.1. Le en voz alta con dicción, entoación e ritmo adecuados (interpreta os signos de puntuación) á situación comunicativa e á función da mensaxe. | CCL | Todas as unidades. |
| | | | LGB2.7.2. Usa recursos audiovisuais para rexistrar a voz. | CCL<br>CD | 3, 4 e 12. |
| b<br>g<br>h | B2.8. Planificación e revisión do escrito en función da situación comunicativa (tema, fins e destinatarios) para elaborar producións con adecuación, coherencia, cohesión e corrección nas relacións internas e externas dos contidos do texto. | B2.8. Usar procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos nas relacións internas e externas do texto. | LGB2.8.1. Elabora esquemas sinxelos para ordenar as ideas e estruturar o texto. | CCL | Todas as unidades. |
| | | | LGB2.8.2. Adecúa as súas producións ao rexistro formal e educativo. | CCL | Todas as unidades. |
| | | | LGB2.8.3. Utiliza elementos lingüísticos e discursivos de cohesión interna do texto (a deíxe, as referencias internas de tipo léxico e os conectores). | CCL | Todas as unidades. |
| | | | LGB2.8.4. Usa os signos de puntuación do texto en relación coa organización oracional e coa forma do texto (os parágrafos e a distribución e ordenación das ideas expresadas) | CCL | Todas as unidades. |
| | | | LGB2.8.5. Revisa e reescribe o texto con respecto polas regras ortográficas e morfolóxicas. | CCL | Todas as unidades. |
| | | | LGB2.8.6. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, | CCL<br>CD | Todas as unidades. |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxec-tivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Com-peten-cias clave** | **Unidades didácticas** |
| | | | programas de presentación, dicionarios electrónicos e correctores. | | |
| | | | LGB2.8.7. Complementa as producións con elementos textuais e paratextuais: ilustracións e gráficos. | CCL<br>CD | 3, 4 e 5. |
| b<br>e<br>h | B2.9. Produción, en formato papel ou dixital, de escritos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. | B2.9. Producir, en formato papel ou dixital, textos propios da vida cotiá e das relacións sociais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. | LGB2.9.1. Produce textos propios da vida cotiá e das relacións persoais: diarios, cartas persoais, avisos, solicitudes e participación en foros. | CCL<br>CD<br>CSC | 3 |
| b<br>e<br>h | B2.10. Produción, en formato papel ou dixital, de textos propios dos medios de comunicación (noticias). | B2.10. Producir, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias). | LGB2.10.1. Produce, en soporte impreso ou dixital, textos propios dos medios de comunicación a partir dun modelo (noticias). | CCL<br>CD<br>CSC | 4 |
| b<br>e<br>h | B2.11. Produción, en formato papel ou dixital, de textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. | B2.11. Producir, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. | LGB2.11.1. Produce, en formato papel ou dixital, textos de carácter educativo: cuestionarios, resumos, informes de tarefas, descricións e explicacións sobre contidos das materias curriculares. | CCL<br>CD | Todas as unidades. |
| b<br>e<br>h | B2.12. Produción e síntese, en formato papel ou dixital, de textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narrativos e descritivos. | B2.12. Producir e sintetizar, en formato papel ou dixital, textos de distinta tipoloxía, fundamentalmente, narracións e descricións. | LGB2.12.1. Produce, en formato papel ou dixital, escritos de distinta tipoloxía a partir dun modelo, fundamentalmente, narrativos e descritivos. | CCL<br>CD | 2, 3 e 5. |
| | | | LGB2.12.2. Sintetiza e resume narracións e descricións sen parafrasear o texto resumido. | CCL | Todas as unidades. |
| b<br>e<br>f<br>h | B2.13. Uso das TIC (procesadores de texto e correctores ortográficos) tanto para a textualización, como para a revisión e mellora do escrito. | B2.13. Usar as TIC para textualizar, revisar e mellorar os escritos: procesadores de texto, programas de presentación e dicionarios electrónicos. | LGB2.13.1. Usa técnicas de tratamento textual coas TIC: procesadores de texto, programas de presentación, dicionarios electrónicos, e correctores para textualizar e revisar e mellorar os escritos. | CCL<br>CD | Todas as unidades. |
| d<br>h | B2.14. Valoración da escritura como fonte de aprendizaxe e como forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios. | B2.14. Valorar a escritura como fonte de aprendizaxe e como unha forma de comunicar experiencias, ideas e coñecementos propios. | LGB.2.14.1. Describe os valores da escritura como instrumento de comunicación social fundamental para comunicar experiencias e para adquirir e transmitir coñecementos. | CCL<br>CSC<br>CCEC | Todas as unidades. |
| BLOQUE 3. FUNCIONAMENTO DA LINGUA | | | | | |
| b<br>e<br>l | B3.1. Recoñecemento, explicación e uso de léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos léxicos traballados na aula. | B3.1. Recoñecer, explicar e usar léxico amplo e preciso coa presenza da fraseoloxía e vocabulario traballado na aula. | LGB3.1.1. Utiliza un vocabulario amplo e preciso para expresarse con claridade nun rexistro axeitado á situación comunicativa. | CCL<br>CCC. | Todas as unidades. |
| a<br>d<br>e | B3.2. A fonética e a fonoloxía do galego, con especial atención a posibles | B3.2. Recoñecer e usar a fonética da lingua galega. | LGB3.2.1. Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua | CCL<br>CAA | Todas as unidades. |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxectivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Competencias clave** | **Unidades didácticas** |
| | interferencias. | | galega. | | |
| b<br>e<br>n<br>l | B3.3. Uso eficaz dos dicionarios e doutras fontes de consulta en calquera soporte, especialmente sobre flexión, relación semántica e normativa. | B3.3. Usar eficazmente os dicionarios ou calquera outra fonte de consulta, en papel ou en soporte electrónico, para resolver dúbidas e para progresar na aprendizaxe autónoma. | LGB3.3.1. Obtén, de xeito autónomo, información lingüística de todo tipo en dicionarios, en diferentes soportes, e noutras obras de consulta. | CCL<br>CAA | Todas as unidades. |
| b<br>e | B3.4. Coñecemento, comparación, uso e valoración das normas que regulan os textos orais e escritos, propios e alleos. | B3.4. Coñecer, usar e valorar as normas que regulan os textos orais e escritos. | LGB3.4.1. Completa, transforma e valora textos orais ou escritos de maneira adecuada e correcta atendendo ás normas. | CCL<br>CD | Todas as unidades. |
| b<br>e | B3.5. Aplicación e valoración das normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | B3.5. Aplicar e valorar as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | LGB3.5.1. Aplica correctamente as normas ortográficas e morfolóxicas da lingua galega. | CCL | Todas as unidades. |
| | | | LGB3.5.2. Aplica estratexias para a corrección lingüística, gramatical e ortográfica dos textos. | CCL | Todas as unidades. |
| e | B3.6. Análise e uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión textual. | B3.6. Analizar e usar correctamente a puntuación, de acordo coa cohesión textual. | LGB3.6.1. Analiza e usa correctamente a puntuación para a cohesión textual. | CCL | Todas as unidades. |
| b<br>e | B3.7. Recoñecemento da estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para a mellora da comprensión e produción textuais. | B3.7. Recoñecer a estrutura de substantivos e verbos e da súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais. | LGB3.7.1. Coñece e utiliza adecuadamente substantivos e formas verbais na comprensión e produción de textos orais e escritos. | CCL<br>CAA | Todas as unidades. |
| | | | LGB3.7.2. Exprésase, con estilo propio, utilizando os recursos da lingua con flexibilidade e creatividade. | CCL<br>CAA | Todas as unidades. |
| e<br>h | B3.8. Recoñecemento, uso e explicación dos nexos e conectores textuais (espaciais, de oposición e contraste) e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos. | B3.8. Recoñecer e usar os nexos textuais de espazo, oposición e contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de cohesión interna. | LGB3.8.1. Identifica e usa distintos tipos de conectores de espazo, oposición, contraste, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que lle proporcionan cohesión a un texto. | CCL<br>CAA | Todas as unidades. |
| | | | LG3.8.2. Utiliza os elementos lingüísticos para a cohesión interna. | CCL | Todas as unidades. |
| e<br>h | B3.9. Coñecemento dos compoñentes sintácticos no nivel da frase para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto. | B3.9. Coñecer os compoñentes sintácticos para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto. | LG3.9.1. Completa, transforma e elabora enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos. | CCL | Todas as unidades. |
| e | B3.10. Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias de autoavaliación, aceptando o erro como parte do proceso. | B3.10. Aplicar progresivamente o coñecemento e o uso das estratexias de autoavaliación e a aceptación do erro como parte do proceso de aprendizaxe. | LG3.10.1. Recoñece os erros nas producións orais e escritas propias e alleas a partir da avaliación e autoavaliación, propondo solucións para a súa mellora. | CCL<br>CAA | Todas as unidades. |
| b<br>e<br>h | B3.11. Participación en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se | B3.11. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se | LGB3.11.1. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) | CCL<br>CAA | Todas as unidades. |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxec-tivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Com-peten-cias clave** | **Unidades didácticas** |
| | utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais e nos que se eviten estereotipos lingüísticos ou culturais. | nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe. | | |
| b<br>e | B3.12. Identificación e progresiva utilización dos coñecementos sobre as linguas para desenvolver unha competencia comunicativa integrada. | B3.12. Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. | LGB3.12.1. Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras. | CCL<br>CAA | Todas as unidades. |
| BLOQUE 4. LINGUA E SOCIEDADE | | | | | |
| ñ<br>o | B4.1. Valoración das linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo.<br>B4.2. O plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.<br>B4.3. A lusofonía. | B4.1. Valorar as linguas como medios de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo. Apreciar o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade e coñecer a lusofonía e achegarse ás culturas que a integran. | LGB4.1.1. Valora a lingua como instrumento co cal se constrúen todos os saberes e como medio de relación interpersoal e de sinal de identidade dun pobo a través da identificación de elementos lingüísticos de noso en diferentes contextos. | CCL | Todas as unidades. |
| | | | LGB4.1.2. Distingue entre linguas maioritarias, minoritarias e minorizadas e aplica estes conceptos ao caso galego. | CCL<br>CSC | 1 |
| | | | LGB4.1.3. Coñece as linguas que se falan en España e valora a súa existencia como un elemento de riqueza cultural. | CCL<br>CSC | 1 |
| | | | LGB4.1.4. Coñece as linguas que se falan na actualidade en Galicia por mor da emigración. | CCL | 1 |
| | | | LGB4.1.5. Valora a importancia da relación de Galicia coa comunidade lusófona e coñece os territorios que a integran. | CCL<br>CCEC | 12 |
| | | | LGB4.1.6. Coñece recursos en rede de lecer (literatura de tradición oral, música e xogos) e educativos en lingua galega adaptados á súa idade e compáraos con outros similares da lusofonía. | CCL<br>CCEC<br>CD | 12 |
| ñ<br>o | B4.4. Situación sociolingüística do galego. | B4.2. Describir e analizar a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno. | LGB4.2.1. Describe a situación sociolingüística de Galicia a partir do estudo do seu contorno (concello e comarca), compáraa coa situación doutros contextos e analiza as diferenzas. | CCL | 1 e 12. |
| | | | LGB4.2.2. Coñece e valora os topónimos galegos. | CCL | 2 |
| ñ<br>o | B4.5. Proceso de normalización. | B4.3. Coñecer as principais iniciativas normalizadoras no | LGB4.3.1. Coñece as principais iniciativas | CCL<br>CSC | 12 |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 2º Curso | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxec-tivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Com-peten-cias clave** | **Unidades didácticas** |
| | Desenvolvemento de actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego, favorecemento do xurdimento de vínculos positivos cara ao seu uso e consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega. | ámbito educativo, adquirir vínculos positivos cara ao uso do galego e asumir a importancia da contribución individual no desenvolvemento da lingua galega. | normalizadoras no ámbito educativo. | | |
| | | | LGB4.3.2. Analiza a súa propia práctica lingüística e valora a importancia de contribuír individual e socialmente á normalización da lingua galega. | CCL<br>CSC | 12 |
| ñ<br>o | B4.6. Situación legal das linguas do Estado español. | B4.4. Describir a situación legal das linguas do Estado español. | LGB4.4.1. Coñece a lexislación que regula a utilización do galego e a súa promoción no ámbito educativo e local. | CCL<br>CSC | 1 e 12. |
| ñ<br>o | B4.7. Prexuízos lingüísticos. | B4.5. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles. | LGB4.5.1. Coñece o que é un prexuízo. Detecta e analiza a presenza de prexuízos de carácter estético e socioeconómico cara ao galego na súa práctica lingüística e na do seu contorno. | CCL<br>CSC | 1 |
| ñ<br>o | B4.8. Recoñecemento das variantes diafásicas da lingua galega e da función da lingua estándar, uso normalizado da variante dialectal propia da zona e utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. | B4.6. Identificar e clasificar as variantes diafásicas do galego, recoñecer os trazos da variedade estándar da lingua galega e valorala como variante unificadora, así como apreciar a variante diatópica propia. | LGB4.6.1. Identifica e clasifica as variantes diafásicas do galego. | CCL | 1 |
| ñ o | B4.7. Situación sociolingüística e legal das linguas de España. | B4.5. Describir a situación sociolingüística e legal das linguas de España. | LGB4.5.1. Describe a situación sociolingüística e legal das linguas de España e analiza criticamente textos (literarios e xornalísticos), gráficos ou documentos audiovisuais que traten sobre a situación sociolingüística do Estado español. | CCL CD | 9 |
| ñ o | B4.8. Prexuízos lingüísticos. | B4.6. Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles. | LGB4.6.1. Sinala os prexuízos lingüísticos atribuíbles a calquera lingua e especialmente á galega e rebáteos cunha argumentación axeitada. | CCL CSC | Todas as unidades. |
| | | | LGB4.6.2. Analiza a opinión propia sobre as linguas, detecta os prexuízos, en caso de os ter, e rebáteos argumentadamente. | CCL CSC | Todas as unidades. |
| ñ o | B4.9. Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega | B4.7. Recoñecer e valorar os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas, diastráticas e diafásicas da lingua galega | LGB4.7.1. Recoñece os principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega. | CCL CSC | 2 |
| | | | LGB4.7.2. Recoñece os | CCL | 3 |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxec-tivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Compe-tencias clave** | **Unidades didácticas** |
| | e da función da lingua estándar. Uso normalizado da variante dialectal propia da zona. Utilización e valoración da variante estándar da lingua en situacións de carácter formal. | e da función da lingua estándar. | trazos da variedade estándar da lingua galega. | | |
| | | | LGB4.7.3. Valora a lingua estándar como variedade unificadora. | CCL | Todas as unidades. |
| | | | LGB4.7.4. Valora as variedades xeográficas da lingua galega como símbolo de riqueza lingüística e cultural e rexeita fundamentadamente calquera prexuízo sobre a variación diatópica. | CCL CSC | 2 |
| | | | LGB4.7.5. Recoñece as variedades diastráticas e diafásicas da lingua galega e describe o influxo da situación sociolingüística nelas. | CCL CSC | 2 |
| BLOQUE 5. EDUCACIÓN LITERARIA. | | | | | |
| h l | B5.1. Identificación e comprensión dos distintos períodos e xeracións da literatura galega dende o Rexurdimento ata a actualidade. | B5.1. Identificar e comprender os distintos períodos e xeracións da literatura galega dende o Rexurdimento ata a actualidade. | LGLB5.1.1. Identifica os distintos períodos e xeracións da literatura galega dende o Rexurdimento ata a actualidade. | CCL | Todas as unidades. |
| | | | LGLB5.1.2. Comprende e explica razoadamente os distintos períodos da literatura galega dende o Rexurdimento ata a actualidade sinalando os seus principais trazos característicos. | CCL | Todas as unidades. |
| h l | B5.2. Selección, lectura autónoma e comentario de obras representativas da literatura galega dende o Rexurdimento ata a actualidade. | B5.2. Seleccionar, ler autonomamente e comentar obras representativas da literatura galega dende o Rexurdimento ata a actualidade e relaciona o seu contido co contexto histórico, cultural e sociolingüístico de cada período. | LGLB5.2.1. Selecciona, seguindo criterios razoados, obras representativas da literatura galega dende o Rexurdimento ata a actualidade para a súa lectura. | CCL | Todas as unidades. |
| | | | LGLB5.2.2. Le autonomamente obras ou textos representativas da literatura galega dende o Rexurdimento ata a actualidade, resume o seu contido, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. | CCL | Todas as unidades. |
| | | | LGB5.2.3. Comenta, de forma guiada ou libre, textos de obras da Literatura galega dende o Rexurdimento ata a actualidade, sinala os seus trazos característicos definitorios e relaciónaos co contexto histórico, cultural e | CCL | Todas as unidades. |

| Lingua Galega e Literatura. ESO. 4º Curso | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| **Obxec-tivos** | **Contidos** | **Criterios de avaliación** | **Estándares de aprendizaxe** | **Compe-tencias clave** | **Unidades didácticas** |
| | | | sociolingüístico do período da literatura galega correspondente. | | |
| | | | LGLB5.2.4. Compara textos literarios dun mesmo período ou de diferentes períodos atendendo aos seus principais contidos, sinala os seus trazos característicos definitorios e pon todo en relación co contexto histórico, cultural e sociolingüístico do período ou períodos. | CCL | Todas as unidades. |
| h<br>l | B5.3. Lecturas expresivas e comprensivas, audicións e lecturas dramatizadas de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega dende o Rexurdimento ata a actualidade. | B5.3. Ler expresiva e comprensivamente, facer audicións e ler dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos da literatura galega dende o Rexurdimento ata a actualidade. | LGLB5.3.1. Le expresiva, compresiva e/ou dramatizadamente textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega dende o Rexurdimento ata a actualidade. | CCL | Todas as unidades. |
| | | | LGLB5.3.2. Participa con proveito de audicións de textos narrativos, poéticos, teatrais e ensaísticos representativos da literatura galega dende o Rexurdimento ata a actualidade e escribe/debate, argumentadamente, sobre os seus valores literarios. | CCL | Todas as unidades. |
| b<br>h<br>l | B5.4. Elaboración de traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos literarios representativos da literatura galega dende o Rexurdimento ata a actualidade. | B5.4. Elaborar traballos individuais e/ou en grupo nos que se describan e analicen textos representativos da literatura galega dende o Rexurdimento ata a actualidade. | LGLB5.4.1. Elabora traballos individual e/ou colectivamente nos que se describen e analizan textos representativos da literatura galega dende o Rexurdimento ata a actualidade. | CCL | Todas as unidades. |
| e<br>h<br>l | B5.5. Consulta de fontes de información variadas e de recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. | B5.5. Consultar fontes de información variadas e recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. | LGLB5.5.1. Consulta fontes de información variadas para a realización de traballos e cita axeitada destas. | CCL | Todas as unidades. |
| | | | LGLB5.5.2. Emprego de diferentes recursos das TIC para a realización de traballos e cita axeitada destes. | CCL<br>CD | Todas as unidades. |
| h<br>l<br>n | B5.6. Creación ou recreación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. | B5.6. Crear ou recrear textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula co fin de desenvolver o gusto pola escrita e a capacidade de expresión dos sentimentos e xuízos. | LGLB5.6.1. Crea ou recrea textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula. | CCL<br>CCEC | Todas as unidades. |
| | | | LGLB5.6.2. Desenvolve o gusto pola escrita como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os sentimentos e xuízos. | CCL<br>CCEC | Todas as unidades. |

**B) Grao mínimo de consecución para superar a materia. Mínimos esixibles:**

Para a materia de Lingua Galega e Literatura establécense unha serie de contidos que deben ser tratados. En función deses contidos, que sinalaremos a continuación, indicaremos posteriormente os mínimos esixibles para poder superar a materia.

CONTIDOS DE 2º DE ESO

<u>Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar</u>

*1. Comprensión de textos*

- Comprensión de novas de actualidade e de información de crónicas e de reportaxes procedentes dos medios de comunicación audiovisual.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentación de tarefas e de instrucións para a súa realización ou breves exposicións orais de temáticas variadas.
- Desenvolvemento de habilidades de escoita activa.
- Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención aos programas de carácter informativo e, xa que logo, ás noticias, reportaxes e crónicas que conteñen. Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes, análise dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

*2. Produción de textos*

- Exposición planificada, clara e ordenada, coa axuda das TIC, de informacións de actualidade que interesen ao alumnado tomadas dos medios de comunicación, poñendo de relevo as diferenzas no modo de presentar os feitos dos distintos medios.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico (achega de propostas e de información, intercambio de opinións, exposición de informes sobre as tarefas realizadas...).
- Coherencia entre comunicación verbal e non verbal na produción dos discursos e presentacións orais.
- Participación en situacións de comunicación reais ou simuladas propias da vida cotiá do alumnado adoptando o rexistro adecuado a elas.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situacións de aprendizaxe compartida. Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva (por exemplo, aplicadas á solicitude de cambios).
- Interese por producir enunciados correctos e non interferidos desde o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.

<u>Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.</u>

*1. Comprensión de textos*

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como diarios ou cartas persoais e solicitudes.
- Comprensión e análise de textos dos medios de comunicación, sobre todo de noticias, reportaxes e

crónicas, atendendo ao lugar que ocupan na estrutura do xornal dixital e aos elementos paratextuais.
- Comprensión de textos do ámbito académico, atendendo especialmente aos de carácter instrutivo e expositivo (incluídas webs educativas e informacións de dicionarios, glosarios e enciclopedias en diversos soportes).
- Detección do tema e dos subtemas de narracións e aplicación a elas de técnicas de análise do contido de textos escritos: subliñado das ideas principais, elaboración de esquemas que as estruturen visualmente e resumo.
- Utilización progresivamente autónoma da biblioteca e das TIC como fonte de información e de modelos para a composición escrita.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes das noticias, reportaxes e crónicas dos medios de comunicación. Recoñecemento dos usos lingüísticos discriminatorios máis evidentes, análise dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas.
- Lectura en voz alta con dicción, entoación e ritmo correctos, incidindo especialmente na adecuación aos patróns fonéticos do galego e na atención aos signos de puntuación.

*2. Produción de textos escritos*

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais en ámbitos próximos á experiencia do alumnado, como diarios e cartas persoais ou solicitudes.
- Composición de textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital; por exemplo noticias, crónicas e reportaxes.
- Composición, en soporte papel e dixital, de textos propios do ámbito académico (esquemas, resumos, exposicións e explicacións sinxelas, informes de tarefas e aprendizaxes efectuadas).
- Composición de textos narrativos e descritivos.
- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios... de cada escrito.
- Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.

<u>Bloque 3. Funcionamento da lingua</u>

- Revisión da adecuación de textos alleos e propios, con especial atención ao tratamento dos interlocutores e ás fórmulas de cortesía.
- Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os espaciais e os de oposición e contraste, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a deíxe espacial e temporal, a relación entre os tempos verbais, as relacións de contraste –antonimia– e a referencia interna de tipo léxico, sobre todo a sinonimia e a elipse.
- Indución, a partir de usos contextualizados, da estrutura das palabras flexivas, especialmente substantivo e verbo, e recoñecemento dos seus aspectos morfolóxicos máis precisos para a mellora da comprensión e produción textuais.
- Distinción reflexiva entre os distintos elementos sintácticos no nivel da frase para a mellora das estruturas na construción e revisión de textos.
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.
- Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias (apertura das vogais de grao medio, n velar, entoación...), exposición a modelos positivos e práctica, especialmente durante as exposicións planificadas.
- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.

- Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre flexión, relacións semánticas e normativa.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- Coñecemento xeral da situación das linguas minorizadas e das internacionais, con manexo e interpretación de mapas, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Comprensión da situación sociolingüística galega en canto a usos e actitudes xerais, realizando pequenos traballos que permitan recoñecer e analizar prexuízos lingüísticos.
- Coñecemento da nosa lexislación esencial en materia lingüística, a toponimia e a antroponimia.
- Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.
- Observación das principais diferenzas, preferentemente en textos orais, entre as variedades xeográficas da lingua galega.

Bloque 5. Educación literaria

- Selección guiada e lectura progresivamente autónoma de obras adecuadas á idade que estimulen o hábito e pracer lector ao tempo que amplían o coñecemento do mundo.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de poemas recitados ou cantados, captando o valor funcional dos recursos estilísticos máis relevantes nos diferentes niveis.
- Lectura expresiva e comprensiva e mais audición de textos narrativos breves, contrastando os elementos estruturais e formais: distintas voces, perspectivas temporais, etc.
- Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de pezas teatrais, recoñecendo os compoñentes e procedementos que caracterizan os subxéneros.
- Comparación entre textos pertencentes aos subxéneros literarios.
- Creación de textos de intención literaria partindo dos trazos formais dos traballados na aula e das posibilidades lúdico-estéticas da lingua.
- Análise doutras linguaxes estéticas: a canción.
- Aproveitamento guiado dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.

CONTIDOS DE 4º DE ESO

Bloque 1. Comunicación oral. Escoitar e falar

*1. Comprensión de textos*

- Comprensión de textos propios dos medios de comunicación audiovisual, con especial atención aos xéneros de carácter argumentativo (debates, faladoiros, editoriais radiofónicos...).
- Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación audiovisual, atendendo aos compoñentes verbais e non verbais da comunicación publicitaria.
- Comprensión de textos orais utilizados no ámbito académico, como presentacións, relatorios, intervencións en mesas redondas...
- Desenvolvemento de habilidades de escoita activa.
- Actitude de interese, de cooperación e de respecto ante as intervencións orais de quen fala diante de nós, sobre todo en debates, exposicións do profesorado ou do alumnado e mais no traballo colaborativo.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes dos medios de comunicación, con especial atención ás procedentes da publicidade e ás mensaxes implícitas e explícitas dos textos argumentativos. Detección dos

usos lingüísticos discriminatorios e mais dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas que se incorporen con autonomía ás propias producións.
- Valoración das producións orais emitidas cunha fonética galega correcta e actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.

*2. Produción de textos*

- Coa axuda dos medios audiovisuais e das TIC, presentacións orais ben organizadas sobre temas de actualidade tomados dos medios de comunicación audiovisual que admitan distintos puntos de vista, diferenciando información, opinión e persuasión e inserindo a propia visión de maneira argumentada e respectuosa.
- Participación activa en situacións propias do ámbito académico, especialmente en autoavaliacións das tarefas realizadas e en presentacións orais, con axuda dos medios audiovisuais e das TIC, de traballos previamente elaborados.
- Participación activa en debates e noutras situacións de comunicación reais ou simuladas onde se expresen opinións acerca dun tema de actualidade do interese do alumnado, ofrecendo argumentos e respectando as normas que rexen a interacción oral organizada.
- Uso consciente dos elementos paraverbais (volume de voz, velocidade, pausas, entoación) e non verbais (xestos, movementos...) na intervención oral planificada.
- Valoración do diálogo como medio de resolución de conflitos, intervencións orais respectuosas con quen nos rodea e actitude de cooperación en situación de aprendizaxe compartida. Desenvolvemento de habilidades de comunicación asertiva, en especial á hora de rexeitar peticións e propostas cando sexa conveniente.
- Interese por producir enunciados correctos e non interferidos desde o punto de vista fonético, fuxindo dos prexuízos que adoitan relacionarse con determinados modelos de lingua oral.

<u>Bloque 2. Comunicación escrita. Ler e escribir.</u>

*1. Comprensión de textos*

- Comprensión de textos propios da vida cotiá e das relación sociais, como contratos ou correspondencia institucional e comercial.
- Comprensión de textos dos medios de comunicación, atendendo especialmente aos xéneros de opinión como editoriais, columnas, cartas ao director, etc.
- Comprensión e análise de textos publicitarios dos medios de comunicación escritos, dos elementos verbais e non verbais que se empregan neles e das súas mensaxes explícitas e implícitas.
- Comprensión de textos do ámbito académico, como os procedentes de dicionarios, glosarios, enciclopedias e outras fontes de información en diversos soportes, incluíndo fragmentos de ensaios.
- Detección do tema e dos subtemas dun texto argumentativo, análise dos argumentos e elaboración de esquemas que reflictan que se captou a súa mensaxe principal e a súa estrutura.
- Utilización autónoma da biblioteca e das TIC para obter, organizar e seleccionar a información.
- Actitude reflexiva e crítica ante as mensaxes que supoñan calquera tipo de discriminación, con especial atención ás procedentes da publicidade e dos xéneros de opinión nos medios de comunicación. Detección dos usos lingüísticos discriminatorios, dos prexuízos que os sustentan e procura de alternativas que se incorporen con autonomía ás propias producións.
- Lectura en voz alta adecuada aos patróns fonéticos do galego (entoación, fonética sintáctica...) e fluidez lectora que favoreza a comprensión dos textos traballados na aula.

*2. Produción de textos escritos*

- Composición de textos propios da vida cotiá e das relacións sociais, como intervencións en foros e blogs, curricula vitae, reclamacións e solicitudes, etc.

- Composición de textos propios dos medios de comunicación en soporte papel ou dixital, como cartas ao director, editoriais, artigos de opinión, columnas, etc.
- Composición, en soporte papel e dixital, de textos, sobre todo expositivos e argumentativos, propios do ámbito académico e elaborados a partir de información obtida en distintas fontes. Redacción de proxectos e de informes sobre tarefas e sobre aprendizaxes.
- Planificación, revisión e boa presentación dos textos escritos, con respecto polas normas gramaticais e ortográficas e mais con adecuación á temática, fins, destinatarios, soporte... de cada escrito.
- Uso das TIC para elaborar textos escritos ben presentados e correctos, aproveitando as posibilidades dos procesadores de textos, correctores ortográficos, etc.

Bloque 3. Funcionamento da lingua

- Revisión da adecuación de textos alleos e propios, con especial atención ás formas de expresión da subxectividade e ao enfoque do tema, sobre todo en exposicións e argumentacións.
- Recoñecemento e uso reflexivo dos nexos e conectores textuais máis comúns, en particular os de causa e consecuencia, os de condición e hipótese e os conclusivos, e mais dos mecanismos de cohesión textual como a referencia interna de tipo léxico, sobre todo as metáforas, metonimias, paráfrases e comodíns.
- Recoñecemento das principais regras de combinación impostas polos verbos en función dos seus argumentos .
- Uso dun léxico suficientemente amplo e preciso, con incorporación de fraseoloxía e de vocabulario temático a partir de campos identificados nos textos traballados na aula.
- Identificación e revisión da estrutura do texto, a construción dos parágrafos e a vinculación e progresión temáticas en diferentes textos argumentativos, alleos e propios.
- Uso reflexivo da puntuación en relación coa cohesión sintáctica, así como das normas ortográficas, con aprecio dos seus valores funcionais e sociais.
- Reflexión básica acerca daqueles aspectos da fonética e da fonoloxía do galego onde poidan producirse interferencias (apertura das vogais de grao medio, n velar, entoación...), exposición a modelos positivos e práctica.
- Uso de estratexias de autoavaliación e autocorrección, aceptando o erro como parte do proceso de aprendizaxe.
- Interpretación e aproveitamento das informacións lingüísticas que ofrecen os dicionarios e as obras de consulta, especialmente sobre cuestións de uso (semántico e sintáctico) e de normativa.

Bloque 4. Lingua e sociedade

- Coñecemento xeral da situación sociolingüística e legal das linguas do Estado español, con manexo e interpretación de gráficos, táboas, textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación, valorando positivamente o plurilingüismo como expresión da riqueza cultural da humanidade.
- Coñecemento xeral das distintas etapas da historia social da lingua galega desde comezos do século XX, con manexo e interpretación de textos e información dos medios e tecnoloxías da comunicación. Análise e comprensión das causas e consecuencias dos feitos máis relevantes.
- Comprensión da situación sociolingüística de Galicia a través da revisión da presenza da lingua galega nos principais ámbitos e contextos e dos factores de normalización, desenvolvendo proxectos de traballo, con emprego dos medios e tecnoloxías da información, que permitan enfrontar e superar prexuízos lingüísticos.
- Consciencia da necesidade e das potencialidades de enriquecemento persoal e colectivo do uso normalizado da lingua galega, afirmando o plurilingüismo.
- Recoñecemento e valoración dos principais fenómenos que caracterizan as variedades xeográficas da lingua galega e da función da lingua estándar.

Bloque 5. Educación literaria

- Selección e lectura autónoma de obras fundamentais da literatura galega desde comezos do século XX ata a actualidade adecuadas á idade. Recoñocer o papel das personaxes femininas nestas obras.
- Lectura expresiva e comprensiva e audición de textos poéticos recitados ou cantados das distintas etapas da literatura galega desde o 1900, entendendo e apreciando os recursos empregados, sobre todo os que manifestan as innovacións dos principais movementos, grupos ou autoras e autores.
- Lectura expresiva e comprensiva e audición de textos da narrativa galega dos séculos XX e XXI, comentando os seus trazos e en especial a incorporación, por parte de certos grupos e autores/as, das novas visións do mundo e das técnicas modernas.
- Lectura dramatizada e comprensiva e mais visionamento de fragmentos ou breves obras teatrais galegas dos séculos XX e XXI, recollendo as diversas intencións e formas e resaltando as innovadoras.
- Desenvolvemento de tarefas colectivas sobre as lecturas e o seu contexto entendendo o influxo determinante das circunstancias históricas e da situación sociolingüística na evolución do sistema literario galego.
- Creación de textos de intención literaria partindo das características dos traballados na aula.
- Aproveitamento practicamente autónomo dos fondos e recursos que ofrecen as bibliotecas, incluídas as virtuais.

**MÍNIMOS ESIXIBLES**

2º ESO

- Extraer a intención comunicativa, o tema, as ideas principais e os datos relevantes de diferentes textos orais e escritos dos medios de comunicación e do ámbito escolar, así como seguir instrucións para realizar tarefas de aprendizaxe con progresiva autonomía.
- Realizar exposicións orais planificadas claras e áxiles de informacións de actualidade poñendo de relevo as diferenzas no modo de presentar uns mesmos feitos de diferentes medios, así como participar de forma construtiva en diversas interaccións comunicativas (simulacións, traballos colaborativos...) respectando as regras que as rexen. Adoptar o rexistro adecuado a cada tipo de texto e situación.
- Escribir –a partir de modelos aos que incorporar as propias achegas– textos propios dos medios de comunicación e dos ámbitos social e académico.
- Consultar de maneira progresivamente autónoma textos en diferentes soportes co fin de seleccionar a información relevante e incorporala ás propias producións, especialmente a traballos do ámbito académico adecuados ao nivel.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as normas do uso lingüístico para resolver problemas de comprensión e para compoñer e revisar de xeito progresivamente autónomo os propios textos.
- Recoñecer, a través da reflexión sobre os usos discursivos, os mecanismos da lingua e coñecer e usar unha terminoloxía lingüística básica.
- Recoñecer e comprender a diversidade lingüística do mundo actual.
- Ler con regularidade obras literarias e desenvolver criterio lector; expoñer unha opinión persoal sobre a lectura dunha obra axeitada á idade.
- Participar de maneira activa na creación de textos de intención estética tomando como modelo os lidos e comprendendo os recursos que se empregarán.

4º ESO

- Comprender discursos orais e escritos nos diversos contextos da actividade, social, cultural e académica.

▪Expresarse oralmente e por escrito de xeito correcto, coherente, creativo e adecuado aos distintos contextos da actividade social, laboral e cultural, adoptando mediante o diálogo actitudes de respecto e de colaboración cos demais.
▪Utilizar eficazmente a lingua na actividade escolar para buscar, procesar e analizar información e mais para redactar ou expoñer textos propios do ámbito académico.
▪Utilizar criticamente e con progresiva autonomía as bibliotecas, os medios de comunicación social e as TIC para obter, interpretar, elaborar e valorar información de diversos tipos e opinións diferentes.
▪Aplicar con certa autonomía os coñecementos sobre a lingua e as normas de uso lingüístico para comprender textos orais e escritos e mais para escribir e falar con adecuación, coherencia e corrección.
▪Comprender as circunstancias que condicionaron a historia social da lingua galega, afirmándoa como propia de Galicia, así como as que hoxe condicionan o seu uso, de xeito que se estea en disposición de superar as que supoñen obstáculo para a súa utilización en calquera contexto e situación.
▪Coñecer e respectar a realidade plurilingüe e pluricultural do Estado español, de Europa e do mundo actual, facerse consciente da riqueza que representa e entender as situacións que provoca o contacto de linguas.
▪Analizar os diferentes usos sociais das linguas para evitar os estereotipos que supoñen xuízos de valor e prexuízos clasistas, racistas ou sexistas.
▪Ler con fluidez, consolidar o hábito lector e facer da lectura fonte de pracer, de enriquecemento persoal e de coñecemento do mundo.
▪Comprender textos literarios utilizando os coñecementos sobre as convencións de cada xénero, os temas e motivos da tradición literaria e os recursos estilísticos.

**C) Procedementos e instrumentos de avaliación**

Entendemos a avaliación como un proceso integral, no que se contemplan diversas dimensións ou vertentes: análise do proceso de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, análise do proceso de ensino e da práctica docente, e análise da propia programación. Para realizar esta avaliación integral, debemos ter en conta, entre outras cousas, os resultados obtidos polo alumnado na materia, polo que resulta moi importante fixar uns procedementos e instrumentos de avaliación que nos permitan ser o máis obxectivos/as posible á hora de establecer unha cualificación.

Tendo isto en conta, para obter a cualificación dos/as alumnos/as manexaremos, en diferentes medidas, os seguintes **procedementos de avaliación**:

✓A observación directa e continua do traballo do alumnado na aula.
✓A revisión dos cadernos de clase cando se considere necesario.
✓A observación do interese e esforzo que o alumno amosa na súa relación coa materia.
✓A valoración do grao de cumprimento das normas de convivencia (actitude de respecto verbal e físico cara aos compañeiros e cara ao/á docente, comportamento correcto no desenvolvemento da clase, espírito de colaboración en posibles casos conflitivos…).
✓A anotación do grao de aplicación das instrucións dadas polo/a profesor/a á hora realizar os distintos traballos ou actividades que se vaian propoñendo.
✓ A realización de probas orais e escritas.
✓A supervisión de traballos individuais ou en grupo.
✓A valoración do uso oral do galego no intercambio comunicativo que se produce durante a clase (alumno/a-profesor/a, alumnos/as-alumnos/as).
✓A observación do interese e do esforzo amosados en corrixir hábitos lingüísticos inadecuados.
✓A análise do grao de participación nas diversas actividades da clase.

Serán i**nstrumentos de avaliación** os que seguen, de acordo cos procedementos establecidos:

a) As anotacións nas fichas de rexistro individual do caderno do/a profesor/a sobre atención, participación, actitude e traballo diario na aula.
b) Os exercicios, traballos de investigación, guións de exposicións... realizados para entregar, ademais das anotacións levadas a cabo durante a observación dos que se corrixan oralmente ou no encerado.
c) Os exames parciais de contidos.
d) Os ditados para avaliar a ortografía.
e) Os traballos ou probas escritas (segundo o caso) sobre cada un dos libros de lectura obrigatoria.
f) As actividades TIC: traballos de investigación, tests interactivos e ligazóns de Internet.
g) O caderno do/a alumno/a, en casos puntuais.

Estes procedementos e instrumentos de avaliación serán utilizados indistintamente para todos os estándares de aprendizaxe, tendo en conta que para moitos deles se realizarán varias actividades de carácter diverso que serán avaliables de xeito diferente. Posto que a programación debe ser flexible e que, dependendo das características do grupo de alumnos/as, poden ser máis axeitados uns procedementos e instrumentos ca outros, non queremos establecer maneiras de avaliar ríxidas e concretas para cada un dos estándares de xeito predefinido.

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA:

O proceso de ensino-aprendizaxe entendemos que debe cumprir os seguintes requisitos:

- Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas.
- Asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.
- Posibilitar que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por eles mesmos.
- Favorecer situacións nas que os alumnos e alumnas deben actualizar os seus coñecementos.
- Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos e alumnas co fin de que resulten motivadoras.

En coherencia co exposto, os principios que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

a) Metodoloxía activa:
Supón atender aspectos intimamente relacionados, referidos ó clima de participación e integración do alumnado no proceso de aprendizaxe:
- Integración activa dos alumnos e das alumnas na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.
- Participación no deseño e desenvolvemento do proceso de ensino/aprendizaxe.

b) Motivación:
Consideramos fundamental partir dos intereses, das demandas, das necesidades e das expectativas dos alumnos e das alumnas. Tamén será importante arbitrar dinámicas que fomenten o traballo en grupo.

c) Atención á diversidade do alumnado:
A nosa intervención educativa cos alumnos e coas alumnas asume como un dos seus principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.

d) Avaliación do proceso educativo:
A avaliación concíbese dunha forma holística, é dicir, analiza tódolos aspectos do proceso educativo e permite a retroalimentación, o fornecemento de informacións precisas que permiten reestruturar a actividade no seu conxunto.

As actividades serán o máis variadas, ricas e polivalentes que sexa posible. Procurarase que sexan estruturadas dun xeito progresivo para atender ao desenvolvemento cognitivo do alumnado e dinamizar a súa aprendizaxe. A inmensa maioría das actividades que se deseñen terán como eixe fundamental o texto, xa sexa na súa vertente lingüística ou na literaria. Así pois, o alumnado traballará unha importante cantidade de textos, a partir dos cales a docente deseñará unhas actividades de traballo variadas, co fin de que comprendan os contidos que os mozos e as mozas deben asimilar. Deste xeito, realizaranse actividades nas que se constrúan, transformen, analicen e comenten textos lingüísticos e literarios; máis concretamente, nos textos que se escollan trataranse aspectos como:

- Morfosintaxe: localización nos textos de fenómenos lingüísticos ou dialectais, transformación de partes do texto, análise sintáctica de fragmentos, desenvolvemento de contidos esbozados nel, modificación de substantivos, formas verbais, perífrases, pronomes.
- Sociolingüística: identificación e comentario de ideas expostas no texto, localización e identificación de interferencias lingüísticas, identificación do nivel ou rexistro lingüístico do texto, transformación do rexistro lingüístico do texto, normativización da lingua do texto, localización de prexuízos lingüísticos...
- Léxico e Semántica: aclaración de significados, procura de campos semánticos, busca de sinónimos, substitución de termos e variación do significado, procura de distintas relacións semánticas...
- Fonética e Fonoloxía: pronuncia de vogais semiabertas e semipechadas, análise de fonemas, recoñecemento de fenómenos de vacilación fonética...
- Ortografía: colocación de maiúsculas e minúsculas, corrección de erros ortográficos, colocación de acentos, puntuación do texto...

Ademais do sinalado anteriormente, o texto será obxecto intrínseco de estudo nas actividades propias de análise textual (procedementos de coherencia e cohesión, desenvolvemento temático, adecuación ao contexto, identificación de funcións comunicativas, selección de parágrafos...).

Polo que se refire ao texto literario, combinaranse as actividades de análise textual coas de achegamento directo a obras literarias e á súa análise.

Por último, non se descoidarán as actividades orais, fundamentais para o dominio da lingua en todos os seus rexistros, que poderán ser integradas con outras actividades e tamén serán obxecto de actividades autónomas, tales como exposicións, mesas redondas, lecturas expresivas, construcións de textos orais extensos e coherentes, exercicios de fonética, representacións de diferentes situacións comunicativas cotiás...

En previsión de que podamos volver a unha situación de ensinanza a distancia, debemos artellar mecanismos de traballo e coordinación durante o tempo que esteamos no colexio para que funcionen se temos que estar confinados. Informarase ao alumnado de como acceder a EDIXGAL ou a outras canles para seguir as clases de xeito telemático.

Ante unha situación de suspensión temporal das clases presenciais, a coordinación entre o profesorado é fundamental e seguiremos as mesmas estratexias que ata o momento:

- Planificar un calendario de actividades en función do horario de materias establecido.
- Seguir planificando actividades de investigación e traballo por proxectos.
- O Departamento de Orientación xunto coa titora determinarán un plan de actuación específico para o alumnado co que estaban a traballar, sendo quen vai supervisar e correxir as tarefas.
- O profesorado asignado as aulas encargáranse de levar un control do alumnado que entra na aula virtual ou en EDIXGAL, poñerse en contacto coas familias e prestar o asesoramento necesario.
- O equipo de nivel, xunto co Departamento de Orientación, deseñará unhas estratexias para traballar o aspecto emocional, mentres teñan que seguir a ensinanza dende a casa.

– O profesorado seguirá a traballar en coordinación por nivel para a planificación axustada de tarefas e tempo, establecerá reunións semanais para planificar tarefas e a valoración das propostas para introducir as modificacións necesarias e procurará a distribución do traballo entre todos/as para que non recaia todo no/a titor/a.

As **actividades e a metodoloxía que deban atender a unha situación de non presencialidade na aula por un tempo prolongado,** como aconteceu recentemente a causa da crise sanitaria provocada pola COVID-19 (ou por calquera outro motivo) concrétanse do seguinte xeito:

<u>Tipo de actividades:</u>

- Arquivos e cadernos de exercicios (traballo individual), pequenas investigacións e pequenos proxectos de reforzo, repaso e ampliación con tarefas que procuren tocar as distintas destrezas lingüísticas na medida do posible, facendo especial fincapé na ortografía, na redacción e na comprensión lectora.

- Actividades sobre literatura, consistentes en traballo práctico de comentario de textos a partir de preguntas que o guíen, tras unha pequena introdución teórica breve e sinxela.

- Realización de esquemas dalgúns temas en concreto, non só para que se queden cos contidos teóricos, senón tamén para traballar a comprensión lectora e a análise de ideas principais e secundarias nos textos.

- Explicacións teóricas mediante videoconferencia, documentais ou lectura de textos.

<u>Metodoloxía:</u>

O contacto e seguimento do ensino-aprendizaxe do alumnado farase a través do correo electrónico, da plataforma Edixgal e, de ser o caso, da aula virtual do centro.

Concretamente, con respecto á metodoloxía de ensino, dependendo do tipo de actividade ou estándar tratado utilizaremos distintos métodos, aínda que, polo xeral, consistirá en ofrecer unha pequena explicación teórica introdutoria, xa sexa escrita xa sexa oral (a través dalgún vídeo didáctico, documental, explicación da docente por videoconferencia, etc.), para posteriormente desenvolver unha serie de actividades relacionadas co tema que se explicou (ou que vén no libro de texto). A continuación, corrixiranse as actividades para comprobar que se entenderon e que se realizaron correctamente, e comunicaránselle ao alumnado aqueles aspectos que debe revisar, corrixir ou mellorar.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR:

A formación lingüística ten un carácter continuo ao longo das diversas etapas educativas e non existen tanto diferenzas de contidos, canto diferenzas na intensidade con que se traballan. Malia esa dificultade, derivada do carácter progresivo na aprendizaxe dunha lingua, na proposta optouse por presentar contidos separados para cada curso, aínda que na práctica destrezas e coñecementos comparezan conxuntamente.Do mesmo xeito que é importante que a aprendizaxe da lingua oral e da lingua escrita se efectúen en estreita relación, xa que se apoian mutuamente, e as deficiencias na primeira (mala entoación, pobreza léxica, incoherencia, etc.) aparecen reflectidas na segunda. Así pois, o traballo basearase en

actividades interdependentes e complementarias relacionadas coa comprensión e a expresión de enunciados orais e a comprensión e a produción de textos escritos. A reflexión sobre o código, como base para o uso práctico, semella a fórmula máis axeitada para conseguir a competencia comunicativa oral e escrita do alumnado, que deberá incluír os inevitables aspectos teóricos. Cómpre, para mellorar o uso oral e escrito, a adquisición do léxico patrimonial, para o que se inclúen campos léxicos aglomerados arredor de catro eixes temáticos (a persoa, as relación sociais, o territorio e a natureza, e as institucións, as tradicións e os costumes), que non exclúen outros. A incorporación ao estudio da materia do importante papel que os medios de comunicación teñen na sociedade actual achega novas técnicas de traballo (procura de información en redes informáticas, uso dos correctores ortográficos, etc.) que veñen sumarse ás estratexias tradicionais (uso dos dicionarios, bibliotecas, etc.). E, nesa aprendizaxe multifuncional da lingua, ten un papel de relevo a dimensión estética que representa a literatura. O camiño máis axeitado para achegarse a ela é a lectura, como fonte de pracer e de formación, a partir de textos que resulten de interese para alumnas e alumnos. Todas as materias do currículo da ESO precisan da linguaxe, tanto para seren transmitidas como para seren adquiridas. En consecuencia, desenvolver as capacidades lingüísticas, e o noso obxectivo.

Canto aos **materiais**, traballarase en todos os cursos coa plataforma EDIXGAL e co libro electrónico, concretamente co da editorial NETEX, aínda que se utilizarán tamén outros recursos (en papel, na aula virtual do centro etc.) cando sexa pertinente.

En xeral, o uso do libro de texto electrónico será completado, sempre que se considere necesario (reforzo, repaso, actividades adicionais...), con material moi diverso e en distintos soportes. Intentarase empregar, dentro do posible, as novas tecnoloxías, pero sen deixar de lado outras ferramentas ou procedementos. Procurarase utilizar webs, blogs ou repositorios de actividades que poidan realizarse en liña, documentais, xogos... especialmente para contidos relacionados co funcionamento da lingua (ortografía, gramática, sintaxe).

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO:

### Criterios sobre a avaliación

De xeito xeral, primeiramente, partirase do desenvolvemento da programación para comprobar as orientacións metodolóxicas que cómpre asumir ou modificar. É neste momento cando se debe diagnosticar:

- A capacidade expresiva, tanto oral como escrita.
- Os recursos particulares do alumnado no proceso de aprendizaxe.

Reaxustado, ou, simplemente, iniciado o método escollido en primeira instancia, a avaliación da materia irase levando a cabo co transcorrer do curso e deberá atender:

✓Ao manexo e/ou perfeccionamento que os alumnos vaian adquirindo do código lingüístico en xeral e da lingua literaria en particular.
✓Ás probas obxectivas que se realicen de xeito periódico.
✓Á actividade diaria de clase (particularmente reflectida no caderno _por escrito_ e nas intervencións orais dos alumnos durante o desenvolvemento desta área ).
✓Aos traballos, voluntarios ou non, de carácter informativo ou de investigación, que se acorden en determinados períodos do curso escolar.

✓Á lectura das obras seleccionadas na programación anual.
✓Ao grao de participación dos alumnos e alumnas nas actividades propostas, fosen estas colectivas ou individuais.
✓Ao comportamento cívico dos alumnos e ao respecto dos mesmos cara a todos os membros da comunidade educativa.

**Criterios sobre a cualificación**

A cualificación estimarase en base á puntuación das distintas probas establecidas: probas escritas sobre contidos, ditados, traballos para entregar, actividades orais... Para esta cualificación, que será numérica, terase en conta a consecución dos estándares establecidos para cada curso académico.

A nota da avaliación obtense de acordo coa seguinte porcentaxe:

- <u>40% conceptos/contidos:</u> probas escritas _exames_ sobre os contidos estudados nas diferentes unidades didácticas. A porcentaxe dividirase entre o número de probas que se realicen. Nos exames valorarase o uso correcto da lingua, o manexo de vocabulario e a creatividade, e prestarase atención especial á caligrafía e ortografía. Os erros graves de gramática e ortografía terán penalización: uso de castelanismos, pronomes persoais átonos mal colocados, tempos compostos, uso de grafías inexistentes no galego, ausencia do uso de posesivo co artigo, confusión ortográfica, non acentuación diacrítica, uso incorrecto de maiúsculas e minúsculas, uso incorrecto dos tiles en xeral... Descontarase 0,10 por cada erro deste tipo.

- <u>20% libro de lectura</u>: Tanto no caso dos traballos ou probas escritas como no das recensións orais, valorarase a comprensión e a expresión, ademais de comprobar se o/a alumno/a realizou a lectura. No caso das probas escritas, restarán as faltas de ortografía (0,10 cada falta). Os libros que serán obxecto de avaliación son os reflectidos máis adiante na presente programación.

- <u>20% probas específicas de gramática e de ortografía:</u> O número e tipo de proba poden variar en cada trimestre. Poderán consistir en exames con exercicios de gramática e de ortografía; nun ditado de palabras, oracións e textos que deberán ser escritos con corrección ortográfica; pero tamén poderán ser fichas ou cadernos de gramática, de acentuación e de completar con diferentes grafías, que terán que ser entregados nun límite de tempo establecido. Descontarase 0,10 puntos por cada falta relacionada con tiles e grafías (b/v, h, maiúsculas e minúsculas...).

- <u>20% actitude, esforzo e traballo</u>: valorarase o interese cara á materia e o uso da lingua galega de maneira habitual na aula coa profesora, a correcta actitude persoal do alumno, a atención ás exposicións dos compañeiros e compañeiras, a corrección na maneira de dirixirse a estes/as, a participación na aula, a atención ás explicacións, a asistencia e a puntualidade. Tamén están incluídos neste apartado aspectos como o interese por elaborar traballos, participar na corrección de exercicios, colaborar nas actividades en equipo e, en definitiva, esforzarse por sacar proveito da materia respectando ao resto do alumnado. O/a alumno/a, de non amosar unha actitude correcta ou non realizar o traballo mínimo esixido, poderá ter "negativos", descontando cada un deles 0,20 puntos (5 negativos nunha avaliación descontarían un punto da media final, por exemplo). Ditos negativos poderán compensarse con actividades puntuais propostas pola profesora, sempre e cando se observe unha intención de mellora no comportamento do/a alumno/a.

Na avaliación farase a media das notas dos distintos apartados, sempre e cando ningún dos exames, traballos ou probas en xeral teña unha cualificación inferior a 3 puntos. Aquelas probas nas que non se acade un mínimo dun 3, contarán coma un 0 á hora de facer a media.

A nota media necesaria para aprobar cada unha das avaliacións será o 5. No caso de obter unha nota maior do 4,5 sen acadar o 5, considerarase a pertinencia de aprobar a avaliación ao alumno ou alumna, de xeito excepcional, tendo en conta o seu esforzo e dedicación á materia ao longo do trimestre.

A avaliación será continua na materia de Lingua Galega e Literatura no sentido de que se terá en conta o proceso de mellora na adquisición de corrección lingüística ao longo do curso, e isto farase a través das probas de ortografía, as redaccións e a comunicación oral na clase. Pero debemos ter en conta que a parte de contidos e, especialmente os referidos á literatura, non se avaliará de xeito continuo, polo que aprobar a última avaliación non implica aprobar por sistema todo o curso.

No caso de que o/a alumno/a suspenda algunha das avaliacións, ou todas, poderá **recuperar** a materia nun exame independente na **avaliación final de xuño**. No caso de ir aprobando avaliación por avaliación, farase a media das tres para establecer a nota da avaliación final. Considérase abandono da materia non ter acadado unha nota mínima de 1,5 ao longo do curso. O alumnado que teña que facer recuperación na avaliación final terá que sacar como mínimo un 5 para superar a materia. Debemos ter en conta que, segundo a nova orde de avaliación establecida o curso pasado, xa non existirá unha convocatoria extraordinaria nin en xuño nin en setembro (*Orde pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato no sistema educativo de Galicia*). No período temporal comprendido entre a 3ª avaliación e a avaliación final, reforzarase o alumnado que deba recuperar a materia realizando actividades de repaso sobre a mesma, mais esta só poderá superarse mediante unha proba escrita centrada naqueles aspectos que o/a alumno/a deba recuperar.

**Criterios sobre a promoción do alumnado**

Os criterios sobre a promoción do alumnado serán os establecidos na *Orde pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de Educación Primaria, de Educación Secundaria Obrigatoria e de Bacharelato no sistema educativo de Galicia*. Promocionará, polo tanto, o alumnado que superase as materias ou ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, do propio curso ou de cursos anteriores. Noutros casos, o equipo docente poderá decidir a promoción, respectando unha serie de condicións que se especifican na normativa citada.

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE:

Para avaliar o proceso de ensino haberá que observar e analizar:

a) As estatísticas de cualificación do alumnado, que se basearán nos seguintes **indicadores de logro:**

- Segue instrucións para a realización das tarefas.
- Coñece as máximas de cooperación e as normas que rexen a cortesía na comunicación oral e dá mostras de aprecialas .
- Escoita comprensivamente e identifica a intención comunicativa en textos orais e escritos de diferente tipoloxía.

- Adecúa o seu discurso á situación e intención comunicativa.
- Exprésase con coherencia, cohesión e corrección.
- Intervén de forma fluída.
- Respecta as regras morfosintácticas do galego nas súas intervencións espontáneas.
- Pronuncia adecuadamente as sete vogais, o *n* velar e o fonema fricativo palatal xordo.
- Utiliza un léxico adecuado, rico e variado, xunto coa fraseoloxía estudada no curso correspondente.
- Participa activamente en debates e faladoiros.
- Respecta as regras de interacción.
- Escoita con atención e respecto as opinións alleas.
- Reflexiona, individualmente, a partir dun texto e expón conclusións en voz alta.
- Puntúa adecuadamente os seus textos e escribe con corrección ortográfica e morfolóxica.
- Revisa os textos para corrixir erros gramaticais, adecuar o rexistro e formular as ideas de forma clara e coherente.
- Redacta textos breves de diferente tipoloxía, adecuándose ás súas características: narrativos, descritivos, poéticos, expositivos, publicitarios, etc...
- Completa, transforma e comenta textos escritos aplicando as normas ortográficas e morfolóxicas do galego.
- Acentúa correctamente enunciados e textos dados.
- Xustifica o uso do til nunha serie de palabras.
- Identifica e clasifica distintas clases de palabras nun texto dado.
- Identifica as principais funcións sintácticas nunha oración dada.
- Comprende e explica a situación sociolingüística do galego.
- Recoñece os principais trazos dialectais de cada bloque lingüístico.
- Recoñece as características dun autor ou autora nun texto dado.
- Localiza e explica os principais recursos poéticos en textos líricos.
- Coñece as características das principais correntes ou etapas da historia da literatura galega.

b) Os **indicadores de interese** do alumnado (realiza as tarefas, pregunta as dúbidas na clase, entrega traballos voluntarios…) e os de **progresión** (resultado das probas obxectivas, realización de traballos de ampliación e reforzo, grao de fluidez e lectura…).

En canto á <u>práctica docente</u>, teriamos os seguintes indicadores:

| AVALIACIÓN DA PRÁCTICA DOCENTE ADECUACIÓN Á PLANIFICACIÓN | | RESULTADOS ACADÉMICOS | PROPOSTAS DE MELLORA |
|---|---|---|---|
| Preparación da clase e os materiais didácticos. | Hai coherencia entre o programado e o desenvolvemento das clases.<br>Existe unha distribución temporal equilibrada.<br>O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo. | | |
| Utilización dunha metodoloxía adecuada. | Tivéronse en conta aprendizaxes significativas.<br>Considérase a interdisciplinariedade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).<br>A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno/a. | | |
| Regulación da práctica docente. | Grao de seguimento dos alumnos. | | |

| | |
|---|---|
| | Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.<br>Os criterios de promoción están consensuados entre os profesores. |
| Avaliación das aprendizaxes e información que se lles dá sobre elas aos alumnos e ás familias. | Os estándares están vinculados a competencias, criterios de avaliación e contidos. |
| | Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables da aprendizaxe.<br>Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.<br>Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación déronselles a coñecer:<br>- aos alumnos<br>- ás familias |
| Utilización de medidas para a atención á diversidade. | Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe. |
| | Ofreceuse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.<br>As medidas e recursos ofrecidos foron suficientes.<br>Aplica medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo aos informes psicopedagóxicos. |

**9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES:**

Segundo a concreción curricular, o alumnado que promocione con materias pendentes seguirá un Plan de Traballo Individualizado.

Neste 2022-2023 temos 3 alumnos/as coa materia de Lingua Galega e Literatura pendente doutros cursos. En todos os casos, proporcionaráselles material para que vaian traballando e entregando periodicamente, ademais de facilitarlles os recursos que precisen para realizar as tarefas propostas. Os traballos serán entregados á profesora coa que cursen a materia no curso actual, dentro do prazo que esta lles marque. As actividades serán corrixidas e avaliadas para entrar a formar parte da cualificación da materia e a súa entrega será obrigatoria para poder acadar unha cualificación positiva. Os contidos e estándares destas actividades serán os establecidos para o curso correspondente (aínda que se avaliarán os mínimos imprescindibles) e descontarase a mesma puntuación no caso das faltas de ortografía.

En maio realizarase unha pequena proba con actividades semellantes ás propostas durante o curso. Este exame contará tan só o 20% da nota, de aí a importancia de entregar o resto de tarefas para poder superar a materia.

**-Alumnos/as exentos/as:**

No presente curso escolar temos unha alumna en situación de exenta da materia. Dita alumna incorporouse a comezo deste curso ao sistema educativo galego, polo que no actual curso 2022-2023 solicitará o seu primeiro curso de exención en Lingua Galega e Literatura.

Segundo o decreto de Plurilingüismo 79/2010, o alumnado con dereito a solicitar a exención da cualificación das probas de lingua galega é a seguinte: “O alumnado que se incorpore ao sistema educativo de Galicia (...) en educación secundaria ou en bacharelato, procedente doutras comunidades autónomas ou dun país estranxeiro, poderá obter unha exención temporal da cualificación das probas de avaliación da materia de lingua galega durante un máximo de dous cursos escolares”.

A alumna non levará cualificación de aprobado ou suspenso no boletín, no entanto debe facer un seguimento da materia para poder adquirir a lingua progresivamente, e a profesora correspondente informará nas sesións de avaliación sobre os progresos alcanzados por ela, así como sobre a súa actitude, interese e participación na clase.

## 10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS:

A avaliación inicial proporciona datos verbo do punto de partida de cada alumno, achegando unha primeira fonte de información sobre os coñecementos previos e características persoais, que permiten unha atención ás diferencias e unha metodoloxía axeitada.

Nas primeiras semanas do curso procederase a realizar probas orais ou escritas para verificar o nivel co que o alumnado chega a cada curso. Teranse tamén en conta informes individualizados de cursos anteriores, coñecementos previos, intervencións na aula, para ter así una visión xeral do/a discente.

Unha vez obtida a información, poñerase en común co resto o profesorado na sesión de avaliación inicial. Unha vez obtida toda a información e conxuntamente co Departamento de Orientación e o/a titor/a do grupo deseñaranse e planificaranse as actuación ou medidas a tomar. As medidas poden incluír a elaboración de ACIs para alumnado concreto, a asistencia a clases de apoio, o reforzo na propia aula mediante actividades adicionais ou adaptadas ás capacidades de cada alumno/a, o cambio de colocación dentro da aula, a modificación da estrutura e mesmo dos contidos das probas etc.

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

As medidas de atención á diversidade na ESO están orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos desta etapa educativa e á adquisición das competencias correspondentes, e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lle impida alcanzar os devanditos obxectivos e competencias, e a titulación correspondente.

A atención educativa á diversidade enténdese como o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais do alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e alumnos.

Trátase de conseguir que todas as persoas consigan acadar o máximo desenvolvemento persoal e social, polo que é necesario facilitarlles unha educación adaptada ás súas singularidades, que garanta a igualdade efectiva de oportunidades, ofrecéndolles os recursos necesarios.

Entre as modificacións posibles con respecto ao desenvolvemento xeral das clases, teranse en conta as seguintes, sempre consultando co Departamento de Orientación e co resto do profesorado para establecer as que mellor poidan funcionar con cada un dos alumnos ou alumnas:

- Adaptar o material didáctico e os enunciados e presentación visual dos exames.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexibles.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e a capacidade do alumnado.
- Procurar estratexias para mellorar a conduta naquel alumnado con comportamentos inapropiados.
- Deseñar estratexias para mellorar a reflexividade en alumnado sobre todo con TDH.
- Fomentar relación positivas co alumnado de baixa autoestima ou falto de motivación.
- Usar a axenda no caso de que se considere beneficioso para o alumnado.
- Proporcionar recursos e actividades específicas para a Dislexia, de ser o caso.

Neste momento do curso aínda nos atopamos na fase de elaboración de avaliacións iniciais, nas que se detectarán as necesidades educativas do alumnado. O Departamento de Orientación traballa para conseguir distribuír os reforzos educativos nos diferentes grupos, para poder asistir, ben con PT, ben con profesorado con dispoñibilidade horaria, ás necesidades educativas de reforzo, ACI ou outras medidas que sexan precisas.

Ademais, as medidas tomadas con cada alumno/a que reciba algún tipo de apoio ou reforzo, serán rexistradas nun documento que será revisado en función dos resultados que esas medidas vaian dando ao longo das avaliacións. As familias serán informadas polos/as titores/as destas medidas e esta información poderá ser concretada máis polo miúdo polo profesorado de cada materia se así fose necesario ou se así o solicitasen as familias interesadas.

En principio, temos 12 alumnos con **ACI** na materia de Lingua Galega e Literatura (4 en 1º ESO e 8 en 2º ESO), aínda que se analizará algún outro caso ao inicio do curso por se fose necesario realizar algunha a maiores.

Temos tamén alumnado con diversas problemáticas pero que non precisan de adaptacións significativas ou cuxas familias solicitaron que non se lles fixese adaptación, como é o caso de rapaces e rapazas con **TDH, TDA** ou **trazos disléxicos**. Nestes casos realizarase o apoio na aula intentando facilitarlles a superación da materia a través da asistencia á aula de apoio coa PT, de material extra, de explicacións adicionais ou da flexibilización na avaliación (sempre que se considere necesario e oportuno).

En 3º ESO haberá un **Programa de Diversificación Curricular (PDC),** xa rexido pola nova lexislación, e que contará con 5 alumnos/as. Da impartición do Ámbito Lingüístico e Social encargarase o Departamento de Lingua Castelá, como xa indicamos máis arriba.

Ademais, o noso departamento encargarase de impartir o reforzo de lingua galega ao alumnado con **exención de Francés de 1º ESO B**. Neste caso, reforzaranse aqueles contidos ou destrezas nos que os rapaces e as rapazas teñan maiores dificultades, do xeito o máis individualizado posible, polo que ese apoio se irá deseñando ao longo do curso en función das necesidades concretas do alumnado segundo o que está programado para o seu curso. Debemos ter en conta que algúns destes alumnos/as teñen ACI na materia ordinaria de Lingua Galega, o que incide nesa necesidade de realizar un reforzo individualizado.

## 12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS:

Os temas transversais preséntanse como un conxunto de contidos que interactúan en todas as áreas do currículo escolar, e o seu desenvolvemento aféctalle á globalidade deste; non se trata pois dun conxunto de ensinanzas autónomas, senón máis ben duna serie de elementos da aprendizaxe sumamente globalizados. Partimos do convencemento de que os temas transversais deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade.

Como medio de representación que é, a lingua reflicte a realidade do individuo e da sociedade. Por iso, a área de Lingua e Literatura é un espacio privilexiado para incorporar o tratamento dos temas transversais na práctica educativa. Aínda que os temas transversais están continuamente presentes, o seu tratamento manifestase en especial de dous xeitos:

1. A través da selección de textos e do traballo con eles, posto que os textos ofrecen situacións que reflicten actitudes, valores, maneiras de pensar.
2. Mediante suxestións ao profesor para que guíe exposicións e debates orais e aproveite calquera outro elemento que permita reproducir na aula os temas, as vivencias e os valores do mundo exterior.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), publicada en galego no suplemento do BOE do 10 de decembro de 2013, sinala que é necesario que o alumnado adquira desde idades temperás competencias transversais, como o pensamento crítico, a xestión da diversidade, a creatividade ou a capacidade de comunicar, e actitudes clave como a confianza individual, o entusiasmo, a constancia e a aceptación do cambio. A educación inicial é cada vez máis determinante xa que hoxe en día o proceso de aprendizaxe non remata no sistema educativo, senón que se proxecta ao longo de toda a vida da persoa. Así mesmo, esta lei orgánica considera esencial a preparación do alumnado para a cidadanía activa e mais a adquisición das competencias clave para a aprendizaxe permanente. No contexto do cambio metodolóxico que esta lei orgánica propugna abórdase esta necesidade de forma transversal ao incorporar a educación cívica e constitucional a todas as disciplinas durante a educación básica, de forma que a adquisición de competencias sociais e cívicas se inclúa na dinámica cotiá dos procesos de ensino e aprendizaxe e se potencie desa forma, a través dun enfoque conxunto, a súa posibilidade de transferencia e o seu carácter orientador.

Ademais, o artigo 6 do Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato, publicado en galego no suplemento do BOE do 3 de xaneiro de 2015, céntrase nos elementos transversais e indica que na educación secundaria obrigatoria, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.

O Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, publicado no DOG do 29 de xuño de 2015, tamén se detén nos elementos transversais, concretamente no artigo 4.

Partindo destas disposicións legais podemos establecer dez elementos transversais:

## 1. A comprensión lectora e a expresión oral e escrita

A materia de Lingua Galega e Literatura ten como obxectivo o desenvolvemento da competencia comunicativa do alumnado e debe tamén achegar ao alumnado as ferramentas e os coñecementos precisos para se desenvolver satisfactoriamente en calquera situación comunicativa da vida familiar, social e profesional. Eses coñecementos son os que articulan os procesos de comprensión e expresión oral por un lado, e de comprensión e expresión escrita por outro, de aí que a «comprensión lectora e expresión oral e escrita» estea presente nos diferentes textos e exercicios do libro do alumnado. Tamén se favorecerá a actividade e criterio lector coa lectura de obras da literatura xuvenil en lingua galega. Asemade, o bloque «Educación literaria» desenvolve o obxectivo de facer do alumnado lectores cultos e competentes coa lectura, coa comprensión e coa interpretación de obras literarias próximas aos seus gustos persoais e á súa madurez cognitiva.

## 2. A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e da comunicación (TIC)

As tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) desenvolven un papel fundamental na sociedade actual, porque proporcionan un conxunto de coñecementos e de técnicas que permiten satisfacer as necesidades individuais e colectivas do alumnado de aí que se rexeitará a inadecuada utilización das TIC e da comunicación audiovisual e se favorecerá o seu uso responsable. Fomentarase unha actitude crítica coa información da comunicación audiovisual e das TIC e responsable no seu uso.

## 3. O emprendemento

Desenvolverase e afianzarase o espírito emprendedor, no sentido de tomar a iniciativa á hora de desenvolver tarefas. Fomentarase a igualdade de oportunidades e traballaranse capacidades como a creadora e innovadora, proactiva para xestionar proxectos, de asunción e xestión de riscos, de liderado e traballo individual e en equipo e mais de sentido crítico e da responsabilidade.

## 4. A educación cívica e o respecto ao Estado de dereito

Fomentaranse os principios democráticos de convivencia co fin de que o alumnado aprenda a se comprometer cunha cidadanía activa e democrática, desde unha perspectiva global, adquira unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores do Estado de dereito, así como polos dereitos humanos, e que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa.

## 5. A igualdade efectiva entre mulleres e homes

Motivarase a igualdade efectiva e o respecto por igual entre mulleres e homes eliminando todo tipo de discriminacións na linguaxe utilizada nas aulas e no material proposto (escrito e gráfico), mellorarase a práctica da igualdade na aula e promoveranse cambios de actitudes no alumnado co fin de romper os estereotipos de discriminación.

## 6. A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida así como de calquera forma de violencia: de xénero, contra persoas con discapacidade, racismo, xenofobia etc.

Promoverase a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, así como os valores educativos, sociais e culturais, que afonden no interese pola educación para a paz, a convivencia e mais a interculturalidade. Tamén se reflexionará sobre a diversidade cultural na aula, no centro e na sociedade desde o plurilingüismo ou desde un punto de vista intercultural. Traballarase a prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e

social e mais de calquera tipo de violencia, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos.

**7. A saúde e a calidade de vida**

Promoverase que forme parte do comportamento xuvenil a actividade física diaria, a dieta equilibrada e o estilo de vida saudable e ademais favorecerase o desenvolvemento do sentido da responsabilidade individual en relación coa saúde, entendida esta como benestar físico e mental, individual, social e ambiental.

**8. A discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero**

Evitaranse os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual. Abordaranse cuestións relacionadas coa identidade de xénero, coa prevención de embarazos non desexados e mais co desenvolvemento do sentido da responsabilidade individual.

**9. A educación viaria**

No ámbito da educación e a seguranza viaria promoveranse accións para a mellora da convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico, co fin de que o alumnado coñeza os seus dereitos e deberes como usuario das vías, en calidade de peón, viaxeiro e condutor de bicicletas ou vehículos de motor, respecte as normas e sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.

**10. A educación ambiental e o respecto polo medio natural**

Implicarase o alumnado nas estratexias educativas para mellorar o coñecemento do desenvolvemento sustentable, do medio, da climatoloxía e do cambio climático. Ademais, fomentarase unha relación de respecto e de non destrución do medio natural.

## 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES:

O Departamento de Lingua Galega e Literatura colaborará estreitamente co Equipo de Dinamización da Lingua Galega, co Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares e co Equipo de Biblioteca na organización das actividades de fomento do galego e de conmemoración de datas sinaladas que se desenvolvan no centro durante o presente curso 2022-2023.

Ademais, de xeito máis concreto, intentará desenvolver as seguintes actividades:

– Participación en certames literarios convocados dentro e fóra do centro. Procurarase combinar a creación literaria cos recitais poéticos, co fin de traballar non só a escrita, senón tamén a oralidade en lingua galega.

– Asistencia e participación nalgún concerto de música en galego, como por exemplo o festival "A mocidade coa lingua", organizado anualmente pola Coordenadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra.

– Visualización de películas en galego. Trataríase de asistir ao cine para ver algunha película dobrada ao galego ou de produción galega, sempre que a carteleira o permita.

– Charlas-coloquio de escritores/as galegos/as, actores/actrices, contacontos, "youtubeiros/as" ou persoeiros destacados da cultura galega.

– Asistencia ao teatro, en caso de xurdir algunha representación dunha obra galega nun lugar e data axeitados. De poder ser, dariámoslle preferencia a obras que desterran prexuízos lingüísticos, como é o caso de *Bicos con lingua, Pelos na lingua* ou *A parábola do angazo,* de Talía teatro. Tamén sería interesante para os cursos superiores (especialmente 4º ESO) poder asistir a algunha obra clásica dalgún autor estudado nas aulas, como por exemplo *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao. Non se desbota tampouco a idea de formar un grupo de teatro propio co que alumnado poida participar no festival "Teatro con G" organizado pola Coordenadora de Equipas de Normalización Lingüística de Ferrolterra.

– Visita a algunha das casas-museo dos/as autores/as estudados en 3º e 4º ESO. Neste caso, a escolla dependería das posibilidades de realizar outras actividades no lugar visitado en colaboración, se fose necesario, con outros departamentos (por exemplo, visitar a casa de Pondal se o Departamento de Sociais organizase tamén unha visita ao dolmen de Dombate ou ao castro de Borneiro, ou ver a casa-museo de Rosalía de Castro e ao mesmo tempo aproveitar para visitar Santiago de Compostela).

## 14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA:

A avaliación do alumnado é importante para coñecer o nivel de coñecementos e destrezas adquiridas, agora toca facer unha avaliación da nosa Programación e ao mesmo tempo unha autoavaliación da profesora.

Avaliar non só a aprendizaxe, senón tamén a ensinanza, implica unha actitude crítica de observación e indagación crítica sobre o que sucedeu na aula. E coas conclusións tiradas, teremos que modificar aqueles aspectos da práctica que non foron apropiados á hora de contribuír á adquisición da competencias básicas e á aprendizaxe lingüística e literaria dos alumnos e das alumnas.

Debemos avaliar e revisar detalladamente:

- O enfoque adecuado para a adquisición das competencias.
- O nivel de alcance dos obxectivos
- A oportunidade de selección, distribución e secuenciación dos contidos.
- A idoneidade dos métodos e dos materiais didácticos.
- A adecuación dos instrumentos de avaliación.

Debemos incluso autoavaliarnos e preguntarnos:

- Somos nós capaces de aplicar coñecementos?
- Respectamos nós ao noso alumnado?
- Sabemos manexarnos nós coas TIC?
- Temos nós hábito lector e sabemos gozar coa literatura?
- Sabemos nós aprender a aprender?

Destas preguntas concluímos que a nosa formación debe ser continua, a nosa inquietude por aprender cousas novas debe ser constante e sobre todo aprender a transmitilas co maior entusiasmo posible.

Someteremos a nosa programación a unha avaliación mediante os seguintes procedementos:

- Planificación da programación.
- Organización e aproveitamento dos recursos.
- Reflexión sobre o carácter das relacións entre o alumnado e as docentes, destas co resto do profesorado, así como a convivencia en xeral.
- Coordinación entre os órganos e persoas responsables no centro, a planificación e desenvolvemento da práctica docente.
– Anotación de "erros" defectos ou omisións que ten a programación que serán corrixidos ou incluídos na vindeira.

## 15. ACCIÓNS DE ACORDO CO PLAN LECTOR. PROPOSTA DE LIBROS DE LECTURA:

Tendo en conta a existencia dun Plan Lector levado a cabo polas persoas encargadas da xestión da Biblioteca, entendemos que a nosa actuación para fomentar a lectura debe ir dirixida en dúas direccións: unha coordinando o fomento da lectura co apoio ás actividades que a Biblioteca organiza e outra co labor diario dentro da aula. Esta actuación concretarase nas seguintes accións:

- Favorecer tanto a lectura instrumental como a lectura pracenteira e estética entendida como fonte de enriquecemento persoal.
- Aproveitar as oportunidades lectoras: informacións no libro de texto (textos, mapas, imaxes), recursos de internet…
- Mellorar a competencia lectora realizar lecturas en voz alta e resumindo logo o lido para favorecer a compresión.
- Desenvolver actividades en conexión coa lectura: elaboración de sínteses, busca de nova información , cotexar datos, realizar esquemas…
- Ofertar a posibilidades de lecturas históricas noveladas e o visionado de películas ou documentos relacionados cos temas que se traten.

A Biblioteca funciona como elemento focalizador de moitas das actividades de lectura, por iso traballaremos certos contidos usando o espazo físico da Biblioteca. Todo isto cun obxectivo dobre: primeiro, darlles aos rapaces/as as ferramentas para moverse de xeito autónomo pola biblioteca e segundo, destacarlles a existencia deste espazo como centro de recursos de información, da lectura e da aprendizaxe.

En canto á proposta de libros de lectura para o curso actual, establecemos os seguintes:

1º TRIMESTRE:

1º ESO: *Antía e Daren. O misterio dos torques roubados*, Valentín Alvite. Ed. Xerais.
2º ESO: *Os metrosiderais,* Héctor Cajaraville. Ed. Oqueleo.
3º ESO: *Cartas de inverno*, Agustín Fernández Paz. Ed. Xerais.
4º ESO: *Retrincos*, Daniel Castelao. Calquera editorial.

2º TRIMESTRE:

1º ESO: *Usha,* María Reimóndez. Ed. Xerais.
2º ESO: *Ons,* Carlos Meixide.
3º ESO: *O que sei do silencio*, Andrea Maceiras. Ed. Xerais.
4º ESO: *Europa express,* Andrea Maceiras. Ed. Xerais.

3º TRIMESTRE:

1º ESO: *O misterio de Portomarín,* Antía Yáñez Rodríguez. Ed. Árbore/Galaxia.
2º ESO: *Corazón de Xúpiter,* Ledicia Costas. Ed. Xerais. / *Cartas de inverno,* Agustín Fernández Paz. Ed. Xerais.
3º ESO: *A tumba de Breogán*, Abel Alves e Esteban Tolj. Demo Editorial.
4º ESO: *Arnoia, Arnoia,* Xosé Luíz Méndez Ferrín. Ed. Xerais. / *Comedia bífida,* Núñez Singala. Ed. Galaxia.

**Nota:** Estas lecturas poden ser modificadas ao longo do curso en caso de que haxa dificultades para acceder a elas ou outras circunstancias xustificadas que requiran un cambio de libro.

## 16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA:

O departamento de Lingua Galega e Literatura desenvolverá as directrices marcadas no Plan de Convivencia. Relacionados coa área e con aspectos básicos do currículo, traballaranse asuntos fundamentais para a convivencia como o respecto na propia aula a través de debates, textos, artigos de opinión, noticias… Tamén se fomentará o respecto entre compañeiros/as mediante os traballos en equipo e as actividades que supoñan unha estreita colaboración entre os rapaces e rapazas.

## 17. ACCIÓNS DO PLAN DE INTEGRACIÓN TIC:

Os recursos TIC son pezas básicas na educación e formación das novas xeracións, pola importancia social e polo lugar preferente que ocupan xa na vida dos nosos alumnos/as. No centro contamos co Proxecto ABALAR en todos os cursos da ESO, o que permitirá aos/ás alumnos/as ter un contacto diario na aula coas novas tecnoloxías. Cos libros dixitais e actividades interactivas da plataforma EDIXGAL na ESO, co material que proporcionan as editoriais e coas actividades propias que colguemos no mesmo EDIXGAL ou na aula virtual, de ser o caso, farase máis fácil a utilización das novas tecnoloxías dentro e fóra da aula. A isto hai que engadir o contacto co alumnado a través do correo electrónico, para avisos, entregas de tarefas, etc.

O tratamento da información e da comunicación, e tamén da competencia dixital de Lingua Galega e Literatura, permitirá adquirir habilidades para a busca, a selección e a produción de información:

– Busca de información: uso de bibliotecas (convencionais e dixitais); pescuda guiada de información mediante buscadores; proposta de enderezos web específicos; dicionarios e tradutores dixitais; diarios e revistas en formato dixital. Botaremos man de diversos enderezos electrónicos relacionados con: dicionarios e vocabularios, normalización e dinamización, xornais electrónicos, institucións, xogos de lingua, literatura galega, bibliotecas virtuais, webquest.

- Selección de información: ensinaráselle ao alumno os criterios de selección da información, páxinas web máis axeitadas e fiables, a forma de ordenar a información obtida...

- Produción da información: redacción de traballos e escritos de carácter propio mediante procesadores de textos, uso de correctores para unha revisión final coidada.

## 18. CONSTANCIA DE INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS:

En EDIXGAL ou, de ser o caso, na aula virtual, estarán expostos os contidos mínimos, os obxectivos, os criterios de avaliación e de cualificación tanto para o alumnado do curso correspondente coma para o alumnado que ten a materia pendente doutros cursos. Ao comezo de curso o/a docente explicaralles esta información aos rapaces e rapazas. Ademais, manteraos informados en todo momento para resolverlles calquera dúbida que se lles poida presentar.

Tanto o alumnado como as familias poderán coñecer tamén a programación didáctica do departamento a través da web do centro e terán a posibilidade de consultar calquera dúbida ao respecto da mesma por teléfono, Abalar, correo electrónico ou persoalmente.

## 19. COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO:

No presente curso o Departamento de Lingua Galega e Literatura está composto polo seguinte profesorado: Mónica Ares Ameixide, encargada de impartir a materia de Lingua Galega e Literatura en 2º ESO e 4º ESO, ademais da titoría dun dos grupos de 4º ESO, e María Luísa Pita Rubido, que é a xefa do departamento e imparte a materia de Lingua Galega e Literatura en 1º e 3º ESO, ademais do reforzo en Lingua Galega da exención de Francés en 1º ESO. As dúas profesoras consensuaron a presente programación para o curso 2022-2023.

Valdoviño, 26 de setembro de 2022

**María Luísa Pita Rubido**
Xefa do Departamento
Profesora de Lingua Galega e Literatura

**Mónica Ares Ameixide**
Profesora de Lingua Galega e Literatura
Titora